

ACTA Nº 2/2018 DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2018 DO CONCELLO DE LALÍN. EXPEDIENTE PLN/2018/2.-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

CONCELLEIROS:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS (CxG-CCTT).
D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA. (CxG-CCTT).
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).
D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).
D. M^a JESÚS SÁNCHEZ FERNÁNDEZ (PSdeG-PSOE).
D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).
D^a. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).
D^a. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).
D^a. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).
D^a. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CONCELLEIRO NON ADSCRITO)

SECRETARIO: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA: D^a. EVA MARÍA CASAL SANJURJO. INTERVENTORA.

ÍNDICE:

1.- Expediente 986/2018. Aprobación, se procede, da acta N° 1/2018 da sesión celebrada o día 26 de xaneiro de 2018.....	Páx.3
2.- Expediente 966/2018. Decretos da Alcaldía. Dación de conta. Pleno 23 02 2018.....	Páx. 3
3.- Expediente 367/2018. Dación de conta dos informes de morosidade e do período medio de pago do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao cuarto trimestre de 2017.....	Páx. 13
4.- Expediente 793/2018. Expediente de modificación de créditos. Crédito extraordinario e suplemento de crédito N°1-P/2018.....	Páx. 14
5.- Expediente 895/2018. Expediente de modificación de créditos. Suplemento de crédito N° 2-P/2018.....	Páx. 17
6.- Expediente 742/2018. Bonificación Taxas lixo e residuos urbanos.....	Páx. 19
7.- Expediente 854/2018. Moción do Grupo de Goberno para solicitar solucións á nova normativa de aplicación de puríns.....	Páx. 20
8.- Expediente 855/2018. Moción do Grupo de Goberno reclamando ás Administracións Autonómica e Estatal un Plan de Prevención de exposición ao Radón.....	Páx. 24
9.- Expediente 906/2018. Moción do Grupo de Goberno para apoiar a folga internacional feminista do próximo 8 de marzo de 2018.....	Páx. 29
10.- Expediente 856/2018. Moción do PP en relación ao 8 de marzo, Día Internacional da Muller.....	Páx. 33
11.- Expediente 859/2018. Moción do PP para negociar coa Deputación de Pontevedra un convenio, similar ao asinado co Concello de Vigo, para remodelación do campo principal do Cortizo e para a expropiación terreos construción área deportiva debaixo do Lalín Arena.....	Páx. 35
12.- Expediente 989/2018. Moción por urxencia do concelleiro non adscrito en relación a informes relativos ao Técnico de Igualdade do Concello de Lalín.....	Páx. 39
13.- Expediente 990/2018. Moción por urxencia do concelleiro non adscrito relativo ao aproveitamento de produtos alimentarios e a concienciación cidadá.....	Páx. 48
14.- Expediente 1058/2018. Moción por urxencia do PP solicitando unha discriminación positiva a veciños, entidades, colectivos, investigadores e Concellos da Comarca de Deza nos servizos que se prestan no Centro da Xestión da Cultura Arqueolóxica do Pazo de Liñares.....	Páx. 51
15.- Expediente 988/2018. Rogos e preguntas. Pleno 23 02 2018.....	Páx. 55

Sendo as **nove horas** do venres, **día 23 de febreiro de 2018**, xuntáronse no salón de sesións do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuiña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral, *D. César López Arribas*.

Actúa como Interventora, *D^a. Eva María Casal Sanjurjo*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- EXPEDIENTE 986/2018. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA Nº 1/2018 DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE XANEIRO DE 2018.-

Deuse conta pola Presidencia do borrador da acta Nº 1/2018, da sesión ordinaria celebrada o día 26 de xaneiro.

De seguido o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que facer á mesma.

Non habendo observacións, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a acta Nº 1/2018, da sesión ordinaria celebrada o día 26 de xaneiro, ordenándose a súa transcripción ao Libro de Actas.

2.- EXPEDIENTE 966/2018. DECRETOS DA ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA. PLENO 23 02 2018.-

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última relación comunicada a este órgano.

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- EXPEDIENTE 367/2018. DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DE MOROSIDADE E DO PERÍODO MEDIO DE PAGO DO CONCELLO DE LALÍN E DO PADROADO CULTURAL DE LALÍN CORRESPONDENTES AO CUARTO TRIMESTRE DE 2017.-

A Presidencia deu conta dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao 4º trimestre de 2017 elaborados pola Tesourería Municipal. A continuación o *Sr. Secretario* procedeu a dar lectura do resume dos mesmos.

O Secretario indicou o PMP do Concello de Lalín e do Padroado de Cultura, indicando que a maiores constaban no expediente un informe da Intervención no que explicaba que unha serie de facturas procedentes de tres provedores non se incluían no cálculo deste dato por diversas vicisitudes.

D. Xosé Crespo Iglesias indicou que en concreto en relación con este informe de Intervención, eles como PP pediron un informe sobre as facturas de *D. Miguel Diéguez García*, informe que se lles debeu entregar en data 31 de xaneiro deste ano e que ata non non dispuñan del. Pregunta se agora ou en rogos e preguntas.

D. Rafael Cuiña Aparicio dixo que por baixa do persoal do xefe do de negociado de persoal non se poden dispoñer dos destes do mesmo.

D. Xosé Crespo Iglesias. Chama a atención o retraso nas certificacións e de tres facturas de Miguel Diéguez Diz. Pedimos informes. Dixo a Intervención que non o podía non facer porque estaba de baixa o Xefe Persoal e segue de baixa o Técnico. Imaxina que alguén terá que substituílo.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Estou seguro sabe que está de baixa.

D. Xosé Crespo Iglesias. Levan moitos meses rexistradas e queren saber por que non se pagan.

A continuación, a Interventora, **Dª Eva Casal Sanjurjo**, explicou que tiña pendente de elaborar un informe pedido polo PP, pero como o Xefe do Servizo de Persoal estaba de baixa, non tiña os datos. Indicou que tiña retidas as últimas tres facturas presentadas neste tema. O outro día dixeran que había que facer comprobacións das tres facturas coida que se refiren aos tres últimos meses do contrato. O contrato menor en uns requisitos máis laxos na modalidade de servizo. E é mellor facelo con cláusulas. Nas obras vese se está cumprido coa certificación de obra que avala o arquitecto. Este era un servizo con anterior fiscalización e esperouse ao final como data de entrega. Como non constaba, aviseino. Era materia de persoal. Estaba relacionado con iso. Sabe que non tiñan que estar paradas as facturas porque pero para fiscalizar precisa un informe de persoal. Se non se fai, acabareino facendo eu. Non sabe aclara as dúbidas.

Seguidamente, **o Pleno da Corporación:**

Primeiro.- Tomou coñecemento dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao 4º trimestre de 2017 emitidos pola Tesourería Municipal.

Segundo.- En cumprimento da normativa vixente, acordou seguir as actuacións e dar publicidade na web municipal do informe agregado da relación de facturas, continuando cos trámites previstos no informe de Tesourería.

Terceiro.- Tomou coñecemento de que o período medio de pago a provedores do Concello de Lalín correspondente ao 4º trimestre de 2017, calculado segundo a metodoloxía da Lei de Morosidade é de 37 días e a metodoloxía establecida no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é de 3,14069 días.

Cuarto.- Tomou coñecemento de que o período medio de pago a provedores do Padroado Cultural de Lalín correspondente ao 4º trimestre de 2017 calculado segundo a metodoloxía da Lei de Morosidade é de 15 días, e segundo a metodoloxía establecida no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é de menos 15,31190 días.

O Concello Pleno quedou enterado.

4.- EXPEDIENTE 793/2018. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº1-P/2018.-

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e da proposta da Alcaldía, de data 14/02/2018. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable** de da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 19 de febreiro de 2018.

Desde o grupo de goberno, **Dª Teresa Varela Fisteus** explicou que se trataba de habilitar suplementar crédito subvención nominativa para o Raly do Cocido que este ano forma parte do Campionato de España na categoría de España Ralys de asfalto. Previsto 2017, que contaba inicialmente con 6.000 € e agora se suplementaba con dez mil, e tamén de 16.000; doutra, dotar a subvención nominativa á Asociación de protección de Anciáns da comarca de Lalín e comarca da partida dos enfermos de Alzheimer e cuidadores.

Contaba o expediente cos informes técnicos preceptivos, respectábase a regra de gasto e o límite de gasto.

Desde o PP, a **D. Xosé Crespo Iglesias** parécelle ben esta proposta e a seguinte da orde do día. De acordo con elas. Chama atención que vostede fan un orzamento e prorrógeno, cando a nós cando gobernábamos a oposición nos criticaban porque ía retrasado. Indicou a modo de comentario que no Goberno Central, Pedro Sánchez do PSOE esixe ao goberno que presente o proxecto dos orzamentos para logo votar en contra dos mesmos. Nos aquí non queremos emular a Pedro Sánchez. Pero si pido ao Alcalde que ordene á Intervención que os vaia elaborando.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Escritos feitos. Se quere velos.

D. Xosé Crespo Iglesias. Botaba de menos que so se fagan as que propoñen vostede. As nosas non. O orzamento está sen aprobar, e agora van 25.000 euros. Aquelo que propoñemos e temos acordado hai un ano nunca ven. Non estaban dispostos a que lles tomen o pelo. Dacordo en que o Raly teña unha achega superior á que tiña e tamén Aspadeza. Botamos de menos que non estean feitos os orzamentos, e segundo, para nada estamos de acordo en que os acordos se os pasen polo arco de triunfo. Alá vostede. Nos toman o pelo e non cumpren os acordos.

Sometido a votación o expediente, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE A PROPOSTA E O EXPEDIENTE DO SEGUINTE**

TENOR:

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito número 1-P/2018, a financiar con cargo á baixa de crédito doutras aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas diante da urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para as seguintes finalidades.

Trátase de complementar o crédito da aplicación orzamentaria destinada á concesión de subvención nominativa á Escudería Lalín Deza para a desenvolvemento do XXIV Ralli do Cocido que se celebrará os próximos días 16 e 17 de marzo. O obxectivo deste expediente é adaptar a dotación desta subvención nominativa a necesidades xurdidas no presente exercicio, no que esta proba dezana por primeira vez na historia pasa a ser unha proba do Campionato de España de Rallies de asfalto. Achégase ao expediente a proposta do Concelleiro delegado, xustificativa da necesidade da modificación orzamentaria. Tendo en conta que no orzamento do exercicio 2017 prorrogado para o 2018 se prevé unha subvención nominativa á Escudería Lalín Deza por importe de 6.000 €, sería necesario complementar o crédito previsto para a concesión de subvención por importe de 16.000 €.

Por último, propónse dotar a correspondente aplicación orzamentaria para a concesión dunha subvención nominativa á Asociación da Protección de Anciáns de Lalín e Comarca (APALC) para o desenvolvemento do proxecto "ACTÍVATE" de asesoramento e atención integral de persoas con alzhéimer e os seus cuidadores, segundo consta na proposta do Concelleiro delegado de Benestar Social deste Concello. Esta modificación orzamentaria finánciase con cargo á baixa da aplicación destinada á subvención nominativa que estaba previsto conceder á Asociación de Enfermos de Alzhéimer e outras Demencias da Provincia de Pontevedra (AFAPO).

Estas modificacións supoñen, ademais, modificar as Bases de Execución do Orzamento 2017 prorrogado para o 2018, no que se contemplan as subvencións nominativas.

O Pleno da corporación municipal ACORDOU:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito, financiado con baixas de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, de acordo co seguinte detalle:

1.1- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
231.489.31	Asistencia Social Primaria Subv. APALC prox."Activate" atención alzhéimer	5.120,00
TOTAL ALTAS CRÉDITO EXTRAORDINARIO		5.120,00 €

1.2- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Suplemento de Crédito:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
-------------------	---------------------	------------------

341.489.12	Promoción e fomento do deporte. Subv. Ralli do Cocido-Escudería Lalín Deza	10.000,00
TOTAL ALTAS SUPLEMENTO DE CRÉDITO		10.000,00 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito: A baixa de crédito das seguintes aplicacións do Presuposto vixente non comprometidas, cunhas dotacións que se estiman reducibles sen perturbación dos respectivos servizos:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
132.121.00	Seguridade e orde pública. Complemento de Destino	5.000,00
132.121.01	Seguridade e orde pública. Complemento Específico	5.000,00
231.489.23	Asistencia social primaria. Subvención á Asociación de Enfermos de Alzheimer	5.120,00
TOTAL BAIXAS		15.120,00 €

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

5.- EXPEDIENTE 895/2018. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 2-P/2018.-

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e da proposta da Alcaldía, de data 19/02/2018. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable** de da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 19 de febreiro de 2018.

En defensa da proposta, **Dª Teresa Varela Fisteus** explicou a mesma. Trátase de suplementar a subvención prevista para Aspadeza en 3000 €, constando xa no orzamento 7.000 €, e así conceder un total de 10.000. Conta cos informes favorables,

non se altera nin a regra de gasto. Finansiase a baixa con partidas de gastos non comprometidas.

Sometido a votación o expediente, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE A PROPOSTA E O EXPEDIENTE DO SEGUINTE TENOR:**

Incoado o expediente de Suplemento de Crédito número 2-P/2018, a financiar con cargo á baixa de crédito doutras aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, diante da urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para as seguintes finalidades.

Propónse suplementar o crédito da correspondente aplicación orzamentaria para a concesión de subvención nominativa á Asociación *Aspadeza* para a desenvolvemento de accións de marcado carácter social no exercicio 2018. O obxectivo deste expediente é suplementar a subvención nominativa citada para adaptala a necesidades xurdidas no presente exercicio, segundo o exposto na documentación que se achega a este expediente; tendo en conta o exposto, é necesario modificar o orzamento municipal vixente neste momento, correspondente ó do exercicio 2017 prorrogado para o 2018, achegándose a este expediente a proposta do Concelleiro delegado de Servizos Sociais relativa á subvención nominativa á entidade ASPADEZA e informe da asesoría xurídica de Servizos Sociais relativo ao interese público, social e humanitario no desenvolvemento do proxecto subvencionado.

Tendo en conta que no orzamento do exercicio 2017 prorrogado para o 2018 se prevé subvención nominativa á entidade ASPADEZA por importe de 7.000 €, sería necesario suplementar o crédito previsto para a concesión de subvención a ASPADEZA por importe de 10.000 €.

Esta modificación supón, ademais, modificar as Bases de Execución do Orzamento 2017 prorrogado para o 2018, no que se contemplan as subvencións nominativas.

O Pleno da corporación municipal ACORDOU:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Suplemento de Crédito, financiado con baixas de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Suplemento de Crédito:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
231.489.11	Asistencia Social Primaria Subvención asociación Aspadeza	3.000,00

TOTAL ALTAS SUPLEMENTO DE CRÉDITO 3.000,00 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito: A baixa de crédito das seguintes aplicacións do Presuposto vixente non comprometidas, cunhas dotacións que se estiman reducibles sen perturbación dos respectivos servizos:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
231.489.25	Asistencia Social Primaria Axudas sociais a familias	3.000,00

TOTAL BAIXAS 3.000,00 €

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

6.- EXPEDIENTE 742/2018. BONIFICACIÓN TAXAS LIXO E RESIDUOS URBANOS.-

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e da proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Benestar Social, de data 15/02/2018. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable** de da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 19 de febreiro de 2018.

A edil de facenda, **D^a Teresa Varela Fisteus** explicou que a ordenanza no seu artigo 15 recolle as tarifas a aplicar a persoas beneficiadas co RISGA a familias con escasos recursos e numerosas e a relación de beneficiarias, cos informes pertinentes de si se aplican ou non.

Desde o PP, **D^a Paz Pérez Asorey** dixo que sempre se traía en tempo este tema. Era grave non traelo e xa se dixo nas comisións informativas. Era algo rutinario, Os prazos sábense con anterioridade. Veu fora da orde do día e non se presentaron nas comisións como tiñan que facelo e de xeito completo. Había unha relación das familias bonificadas. Parecíalle bastante deixadez e coidaba que a

responsable era a Concellería. Votarían a favor, pero si pedían que se traia como hai que traer en prazo e en forma.

D. Nicolás González Casares. Por alusións. Significar que o Pleno de febreiro, ten 28 días celebrense o día 23, algo pouco habitual e cedo. As comisións convocáronse o día 14. Os técnicos teñen como prazo explícito ata o día 15 para introducir estes temas en Pleno. Houbo un despiste polas datas, non do traballo, que estaba perfectamente feito e de feito introducírono o mesmo día 15, cando se convocaron o 14.

Dª Paz Pérez Asorey. O responsable era o político que sabe que o Pleno ten data. Recordarlllo aos técnicos é da súa competencia. É a responsabilidade do político recordarlle aos técnicos que teñen que aportar os expedientes.

D. Nicolás González Casares. Non bota a culpa aos técnicos. Houbo un despiste da Concellería e foi por urxencia ás comisións informativas.

Dª Paz Pérez Asorey. Non dixo que fose por urxencia a este Pleno.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Cando se leva traballando 14 horas ao día se pode escapar algo.

Sometido a votación o expediente, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE O EXPEDIENTE DO SEGUINTE TENOR:**

O Concello de Lalín, en virtude da Lei 39/1988, reguladoras das Facendas Locais, modificado pola Lei 25/1988, do 13 de xullo, de modificación do Réxime Local das Taxas Estatais e Locais, establece a taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida e tratamento de lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos, sendo suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas, xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria.

No artigo 5 da Ordenanza, de acordo coa modificación da mesma publicada no boletín oficial da provincia de 17 de decembro de 2013, establécense as tarifas da taxa en relación a vivenda, distinguindo entre familias con escasos recursos, familias numerosas nas súas categorías xeral e especial así como persoas beneficiarias de RISGA e/ou Emerxencia Social. Unha vez achegada a documentación, que xustifique a pertenza a cada un dos colectivos, producirá efectos a partir do trimestre seguinte ao da súa presentación. Así mesmo todos os colectivos deberán de presentar antes da finalización do primeiro trimestre a documentación acreditativa das situación que da lugar á aplicación da tarifa.

Efectuada dita presentación e revisión dos expedientes por parte dos/as traballadores/as sociais e vistos os informes sociais que constan no expediente **O Pleno da corporación municipal ACORDOU:**

Aprobar a aplicación das tarifas recollidas no artigo 5 da Ordenanza Reguladora da Taxa por Prestación do Servizo de Recollida e Tratamento de Lixo e Residuos Urbanos que se recollen na proposta de acordo cos informes técnicos que figuran no expediente.

7.- EXPEDIENTE 854/2018. MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA SOLICITAR SOLUCIÓNS Á NOVA NORMATIVA DE APLICACIÓN DE PURÍNS.-

A Presidencia deu conta da presente moción, presentada no rexistro xeral o día 14 de febreiro de 2018 co número de rexistro de entrada 1124. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable** de da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 19 de febreiro de 2018.

D. Nicolás González Casares. É sabido por todos. En Lalín a problemática dos gandeiros ven polas novas medidas que conleva a PAC aprobada para 2018 sobre o cumprimento normas de esparcemento de xurros e puríns nos. Inxectar no terreo con maquinaria. Para iso agora cumpre dispoñer de maquinaria que de entrada representa un custe importante. Cambiamos hacia outros tempos con máis medidas de prevención e máis caras, hacia a gandeiría sostible. Non nos opoñemos a ela porque son necesarias, pero non de golpe e machete. Este problema pode agravar o estado das explotacións, sobre todo das que non teñan recursos necesarios para comprar aparatos, uns 25.000-30.000 €. Agora pódese instar ás diferentes administracións, Xunta de Galicia e Goberno Central para que se poñan de acordo no que se vai facer. Hai disensións nisto. O Ministerio ten unha posición ríxida. A Xunta de Galicia fala de moratoria. A realidade é unha desprotección gandeiros. Hai que tomar medidas nas administracións que son do mesmo cor política. Son discrepancias que sen ven lendo cada día. Que se dispuña de medidas para cumprir a norma sen investimentos tan caros. Outras organizacións piden que non sexan inxectores e que sexan a pouca distancia e cara abaixo cun abaratamento. Todo isto ven pola falta de medidas contra cambio climático e o aproveitamento e reciclaxe residuos. O goberno decide eliminar vía decreto primas produción electricidade destes elementos. Non saben que facer con eles. Pecharon as plantas que hoxe non existen e agrávase o problema. Onte no Parlamento Europeo, o goberno de España defendeu o biodiesel de palma, que non se produce en España, como ecolóxico, e como medida prioritaria. Estas plantas son de poderes fácticos importan e quéimano, despreocupándose das necesidades gandeiros dos puríns. Máis cousas. Pídese que se recuperen as primas desas enerxías, e que se diferencie por territorios.

Doutra banda non todos os solos teñen a mesma contaminación. Os desta comarca non son dos peores. Hai que diferenciar os tipos de agricultura. O vacún non é un dos elementos máis contaminantes. Esta está no porcino, na extensiva, na alta concentración de animais nun territorio de concentración residuos. Había que ir contra política, macrogranxas, de 20.000 vacas ou de cantidades inxentes de animais, que aumentan a contaminación e concentran puríns en pouco terreo. En Lalín, que é un Concello gandeiro, moitas persoas dependen da gandeiría. Por iso, é importante instar ás administracións a que cheguen a acordos, a que haxa transitoriedade, non moratoria, e a que se axude aos gandeiros a que teñan unha posibilidade de cumprir o baleirado de puríns. Liña de subvencións reclámase.

D. Manuel Fernández López. A moción era precipitada. A exposición de motivos partira de 2018 cos gandeiros e os seus problemas na PAC. Hoxe os gandeiros non teñen problemas en cobrar a súa PAC facendo o que fan. A exposición de motivos é para poñelo aparte. O que dis é totalmente falso. A PAC e a política son para quentar o ambiente. Pasounos o mesmo co prezo da leite. Dixeron que se pagaba a 24 céntimos e queríamos a 32. Todos sabíamos que iso era mentira, non era posible e o prezo non estaba tan baixo. Oscilaba entre 26-28, o real. O que se conseguiu con este ambiente foi pechar fábricas Galicia e abrilas en Francia e en Portugal; ademais, tiráronse quince millóns de litros de leite ao chan. Espero que non se volva a facer isto. Non hai que quentar nin enganar aos gandeiros. Que non pase o mesmo. Hoxe a PAC ten unha moratoria porque a PAC entra en 2018 e espérase un acordo co Ministerio.

Onde está publicado o acordo? Preguntou **D. Nicolás González Casares.**

D. Manuel Fernández López. Hoxe non hai problema coa PAC, e ningunha xestoría, mesmo a de Unións Agrarias, ten problemas con este tema. O purín que se bota ao millo, á herba, ou para renovar o prado, de sempre entérrase en parte. O que non se esparce, entérrase na horta ou no prado dunha maneira ou doutra. Agora coa nova normativa necesitamos desa máquina. As cousas están aí. Non diucía esquecer o tema, pero agoara en 2018 non había ningún problema Gandeiros.

A primeira parte da moción é totalmente falso e incerto o que recolle. Os gandeiros estamos tranquilos. Na segunda, contas outra cousa: que o Ministerio vai dar tempo, que hai que falar, que non é tan rápido e que hai que mirar como se aplica. Non se fai isto dun dá para o outro. O período é 2018-2020. Está tamén o problema do cambio climático. Necesítase un tempo como en toda situación. O tema é un compromiso. Non sei se votar en contra, absterme ou pedir que retiredes unha parte. Liácheste coa moción. Non toda está escrita por tí, enviada por alguén que quere liar aos gandeiros. Nunca me temblou a man lado dos mesmos. Vivín moitas cousas e iso me lévame a desconfiar. Levar complicado.

Coa segunda pare si estou de acordo. Darase un tempo, pero agora e toda a situación para 2018 non hai nada. Falarei despois. Está o tema das enerxías renovables.

D. Juan José Cruz García. É importante xestionar os refugallos. O posicionamento do edil nestes. Nos temas non locais sempre digo o mesmo. Por que encher o Pleno con outro tipo de refugallos. Recibín unha mensaxe cómica: habería que subvencionar aquí, en Zobra para utilizar as palanganas. Arreglen primeiro as cuestións como os sumideiros de Zobra, e déixense de disputas co Ministerios, non veñan con tonterias ao Pleno, empecen a xestionar asuntos locais, e non de lixo, de refugallos.

D. Nicolás González Casares. Temos varios milleiros de vacas, explotacións e vivimos disto nesta comarca. Disme a mi que descoñezo e logo ti non sabes que votar. Os acordos teñen que ser claros. Leou os mesmos de seguido. En canto ao prazo transitorio, non se si falas pola Ministra ou pola Conselleira. O acordo xa está tomado?

Feitos. **D. Manuel Fernández López.**

D. Nicolás González Casares. Negro sobre branco non ten validez. Falamos

de gandeiros e de furtados acordos verbais e non cumpridos. Coñéceos mellor que a min. Quero saber axudas a gandeiros, unifiquen criterios, moratorios e primas para reciclar puríns. O importante é a solución do problema. Chama a atención postura PP, segundo territorios. Aquí unha cousa e Asturias di outra. AS. En contra contra o Ministerio. Aquí como temos a Xunta nada. Problema común dispoñermos territorio para explotación gandeira. Non sabe. Poñámonos de acordo. Estes son asumibles polo PP, coido que fun brando, pero o problema non existe hoxe. Pide voto a favor. Non xenerosidade para con este goberno, o para o subscriben, senón para os gandeiros.

D. Manuel Fernández López. O que fai o PP en Asturias?. Non sei o que fixo o PP en Asturias. Coido que pediu a moratoria ao Ministerio porque estas normas non eran aplicables ao 90 % no seu terreo. Agora están mirando en que zonas botar e como. Pide Asturias como zona de montaña que non é aplicable e que se lle conceda a moratoria. A zona de Lalín está desfavorecida. Dozón e Rodeiro son montaña e non é aplicable. Estamos precipitando a situación. Hai que dar tempo a tempo, traballar e esperar a ver que din o Ministerio e Consellería en 2018. Estamos en febreiro. Que nos van dicindo? Había que prepararse para 2019-2020 e non adiantarse á situación. Non tiñamos que adiantarnos con cousas que non son verdade. Hai un estudo e un traballo. Estas primas quedaron mal con *Zapatero*, que subiu o recibo a todos en xeral un 70 %. Hai que ver as cousas con sentido e esperar a ver que decide a Consellería e outras Comunidades. Esta moción é moi precipitada. Non había que facer políticas cos intereses dos gandeiros e non dicir cousas que non verdade. Se queredes retirades os puntos e pedimos á Consellería do Medio Rural que aclare isto e saber cando tomarán as medidas desta situación para que os gandeiros teñan a máxima información posible Iso si aceptamos. O demais témolo que pensar.

D. Nicolás González Casares. Retiramos o punto e só lle deixamos quedar iso: a ver que opinas disto. Non podemos retiralo Se queres negociamos o 75 ou 50 % das axudas, pero non instar ao Ministerio ou á Xunta de Galicia. Entón: Para que traemos estas cousas a Pleno?. Non podemos cambiar os tres puntos. Dinos ti como van as cousas. Retiralo sería obviar o problema. É case unha caricia, é case dicirle: que ben o estás facendo. Non imos retirar eses puntos. Hai temas máis graves como as enerxías subiron máis nas *primas*.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10), sendo (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG, un (1) da APAC.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: once (11), sendo dez (10) do PP e unha (1) do Concelleiro non adscrito.

Xa que logo, **APROBOUSE a moción do seguinte tenor:**

Unha nova normativa europea introducida nos cambios acordados para a PAC 2018 obriga ás granxas a aplicar o purín a través dunha inxección no solo e prohíbe o seu esporexido por bandexa ou canón para reducir así a emisión ao aire de amoníaco. A aplicación desta lexislación é inevitable no tempo dentro dun novo panorama global

que camiña cara unha maior sostenibilidade nas producións agrarias, pero a súa posta en marcha tal e como está prantexado o decreto, é totalmente inviable tendo en conta a realidade das explotacións lácteas galegas e afectaría moi gravemente a este sector, que encadea xa varios anos de complicacións, xa que actualmente non ten a capacidade técnica nin económica para adaptarse á esta normativa.

Ademais, o propio Ministerio de Agricultura recoñece que o decreto de xurros, que obriga a enterralos e prohíbe que se espaxen mediante sistema de prato ou abanico, débese aos excesos do sector porcino español. Non obstante, o resto de explotacións gandeiras e, en especial as de vacún de leite, que son maioritarias en Lalín, terán que pagar estes “pratos rotos” das granxas de porcos e cumprir estas novas esixencias se queren percibir as axudas da PAC a partir deste 1 de xaneiro de 2018. Porén, as administracións deben actuar e poñer en marcha diferentes medidas co obxectivo de minimizar os efectos negativos deste decreto sobre as explotacións de vacún, que son un dos motores da economía e tamén da sociedade lalinense.

En primeiro lugar, tanto dende o MAPAMA como dende a Consellería de Medio Rural tense deixado caer que a aplicación da norma non vai ter lugar de xeito inmediato, senón que se habilitará un período transitorio para o seu cumprimento. Así, é preciso que ambas administracións se poñan de acordo á hora de fixar un período transitorio imprescindible para aplicar o decreto do modo menos traumático posible, en vista de que hai boas palabras dende a Consellería, pero por enriba de todo hai unha norma que cumprir e os gandeiros necesitan garantías oficiais para saber canto tempo teñen para adaptarse aos novos sistemas de aplicación de xurros. Por outra banda, este cambio obrigará aos gandeiros a realizar importantes inversións para adquirir a nova maquinaria necesaria para a inxección dos puríns, pero a difícil situación económica do sector fai inviable que os gandeiros poidan realizar estas adquisicións sen axudas, de modo que é imprescindible que se poñan en marcha subvencións para a adquisición de maquinaria que permita cambiar a maneira de aplicar os puríns.

Outra cuestión que afectou gravemente á xestión dos xurros foron os recortes á produción de enerxías renovables realizado polo Partido Popular. *Mariano Rajoy* durante a súa primeira lexislatura recortou drasticamente estas axudas que subvencionaban, por exemplo, a produción de electricidade a partir de puríns de gando. Estes recortes, polos que incluso o Tribunal Supremo condenou ao Goberno central, abocaron ao peche a un gran número de plantas de puríns e provocaron un grave problema ambiental ao quedaren millóns de litros de xurro sen esta alternativa para seren procesados. Por estes motivos, a recuperación destas axudas permitiría volver poñer en marcha as citadas plantas de puríns e dar saída a unha gran cantidade de xurros ao tempo que se produce enerxía limpa e se coida o medio ambiente.

Xa que logo, o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:

Primeiro.- Instar ao Ministerio de Industria a reactivar as primas á produción de enerxías renovables.

Segundo.- Instar á Consellería de Medio Rural e ao Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente a fixar un prazo transitorio oficial para a aplicación do decreto dos xurros.

Terceiro.- Solicitalle á Consellería de Medio Rural a convocatoria dunha orde

de axudas a de ata o 75% para a adquisición de maquinaria que permita cambiar a maneira de aplicar os puríns, xa que a situación económica das granxas fai imposible esta inversión por parte dos gandeiro.

8.- EXPEDIENTE 855/2018. MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO RECLAMANDO ÁS ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA E ESTATAL UN PLAN DE PREVENCIÓN DE EXPOSICIÓN AO RADÓN.-

A Presidencia deu conta da presente moción presentada no rexistro xeral o día 14 de febreiro de 2018 co número de rexistro de entrada 1123. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable** de Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 19 de febreiro de 2018.

D. Nicolás González Casares. Traer a moción ao Pleno non para meter O dedo no ollo a algunha administración, estatal e autonómica nin Europa. É motivo sensibilización. Temos que tratar de cuestións de sensibilizar cidadanía.

Un dos elementos carcinoxénicos, estatísticos no medio ambiente e en Galicia é a presenza do gas radón. Vive con nós, no espazo granítico, nas rochas e con niveis elevados en espazos pechados, nos domicilios, sobre rochas ou pedras que é a saída do gas radón. O solo desprende radón e provoca radiacións de baixa intensidade. Non hai danos inmediatos, aínda que si coa exposición prolongada anos. Pero si unha exposición moi prolongada a persoas con alta sensibilidade provoca cancro de pulmón. Está estudado en Galicia que estatísticamente é a segunda causa de cancro pulmón, tras o tabaco e que aumenta con isto.

Hai tres anos se aprobou para a entrada en vigor da EURATOM, a directiva comunitaria, 2013-2014. Nas publicacións vese claramente a influencia sobre o cancro pulmón. A OMS di que aumenta e a EU tamén que aumenta risco. En Galicia levan tempo estudando. Hai laboratorios na USC que se puxeron en contacto con nós e, fixeron mapa radón. Lalín está no borde de media-alta intensidade en domicilios, por enriba da media española e por riba da media galega. Aos domicilios si afectaba. Non había que alarmar e todos debíamos ser conscientes de que existe o problema. Hai prevención e poden cambiar. De feito fíxose o Código Técnico da Edificación para adaptarnos. Desde Concello pódese facer unha campaña de prevención e información aos cidadáns sobre a situación que sexa exemplar. Por exemplo: imos medir o radón nos edificios municipais par ver cal pode ser a exposición, de sensibilización cara ao cidadán.

A prevención pódese facer, aínda que as competencias son do Estado e da autonomía. A medio facer. Non se trata de meter o dedo no ollo. O camiño é lento e tedioso e a comunidade científica ten camiños por andar. Si se pode instar a facer plans de prevención e que se dispoñan de medidas no domicilio, medidas nas vivendas e que a Consellería de Sanidade implemente axudas ou medidas, plan difusión e educación coñecemento problema. Concello si grao de area. Martes reunión, non moito máis que simbólicas. Non temos competencias. A moción ten como único obxecto a sensibilización de que sexamos conscientes de que convivimos con estes elementos e previr a exposición ao mesmo.

Dª Eva María Montoto Méndez. A sensibilización vina agora no Pleno. Non nada que ver o que dis coa moción. Toda a exposición de motivos é meterlle un dedo no ollo e acordos acusan de non facer nada. Logo leuno.

D. Nicolás González Casares. Describo o gas radón.

D^a Eva María Montoto Méndez. A moción parecía un copia e pega. Non se vía unha estratexia de prevención real ou determinación real e epidemiolóxica. Pides reclamar ao goberno poñer en marcha. Sabes se hai un plan en marcha?. Comentas logo que está todo a medio facer e en camiño. Eu tamén vexo iguais actuacións neste goberno municipal. Trátase de meter un dedo ollo, aceptar politicamente.

A exposición motivos é máis sensible. Aceptámola. Desde o PP en xeral entendemos o risco que supón o radón. Sorprendíanos que na moción fose previa a esa reunión comentada. Tomaría a menos isto de meter un dedo no ollo se se trouxera un programa específico e se pide seguir na liña de continuar tanto no Estado e a Xunta de Galicia. Debe ser unha loita transversal. O tema é relativo, porque os concellos non teñen competencias, aínda que si algo en divulgación educación sanitario. Creo que a moción é positiva, aínda que o que dis agora non ven na parte escrita. Non había que alarmar, mesmo nas casas ou nos centros traballo non hai un risco elevado. Non se trata de pechalos, só de tomar medidas. O EURATOM rexerá a partir de febreiro 2018. As normas son tediosas e longas, por exemplo cos materiais de construción. Aínda non está demostrado que o material incida, ao contrario do que sucede co solo no que están asentadas as construcións, na emisión de radón.

Hai estatísticas. Lalín ten un risco alto de 4 sobre 10 nas vivendas. É importante facer programas desde o Concello. Boto en falta isto antes da moción para poder valoralo.

O tabaco non figura en ningún sitio cando o maior problema é o radón e o tabaco. Desde o Concello pódense tomar medidas contra o tabaco, potenciando o antitabaquismo, para concienciar máis sobre isto que sobre o gas radón. Coinciden nisto todos os estudos.

D. Juan José Cruz García. Clarividencia total. Ao goberno escapouse abanicar exemplares a Antonio Presas. Vexo as últimas mocións do goberno intentos para ter contentos a este home, diante a denuncia importante da fábrica de xestión de neumáticos de Botos. Agora é o gas radón, puríns, importantes cuestións cando carecemos e son competencias doutras administracións. Son para contentar a Antonio Presas e que cale nas redes, que ao mesmo se podía deixar en evidencia o retirar a Folla de Carballo. Ultimamente esta persoa desculpouse co concelleiro non adscrito, e como ten coherencia crítica ao Concello, hai que calalo é telo contento.

Recoñece a moción simbólica. Para que carallo votala? Non facer nada ea convencer xente. Problemas radón. É máis esperpéntica, esta ou a das mimosas do Candán?

Vou para erradicar as mimosas propoñer aumentar a fauna con xirafas, na próxima moción. Había que ser serios e non traer refugallos. As palanganas fan falta en Zobra pero non unha moción sobre unha temática que non ten nada ver coas competencias do Pleno. Anunciou a abstención.

D. Nicolás González Casares. Agradece o ton de Eva. Logo cambiou o debate. Lalín e Silleda asinaron un convenio para a prevención e adición ao tabaquismo. Non ía dicir nada. Fala dun estudo de consumo que nunca existiu. Si que deu pasos o Concello. El tiña unha sensibilidade persoal neste tema. Si se fan cousas, e as veces é bo facer. Unha persoa púxose en contacto comigo sobre o gas radón a raíz desta moción, aínda que non apareceu en Lalín.

Non quixo meter nada un dedo no ollo coa moción. Só a Universidade de Santiago estuda isto. Hai un certo abandono, porque os cidadáns nunca oímos dicir que había que cuidarse do gas radón. Este gas é silencioso, non da a cara, e cando se comproba

xa é tarde; mesmo non se lle achaca o dano que provoca. Non é bo silenciar. Hai que analizar as competencias de sanidade e saúde dos concellos que son moi relativas, tras a lei do PP que limitou as competencias de saúde nos Concellos. Temos competencias en sanidade para a saúde e pouco máis. Teñen que mollarse outras administracións. Ás veces ven ben a prevención de adicións, bastante ben. A Xunta de Galicia decátase e colabora cos Concellos. Sempre colaboramos neste tema e estabamos dispostos a colaborar. Había accións propias, como facer campañas de sensibilización cando non hai conciencia social. Había estudos de epidemiólogos mesmo en Galicia que teñen como referencia a Galicia, porque é territorio de gas radón. A xente fala do mesmo como provocador de morriña. Hai que sensibilizar e chegar acordos sobre o que di.

D^a Eva María Montoto Méndez. Tamén agradezo o ton. É diferente a moción do que dis. Non asumía a defensa Xunta de Galicia, pero si quería deixar as cousas claras. Coidaba que as mocións non debían vir en plan de loita senón para acadar algo positivo como a prevención ou no eido epidemiolóxico. Todo isto lévase estudando hai tempo sen acadar grandes pasos nin aquí nin noutros sitios. Habíoa que sensibilizar, non no dicirlo no Pleno, senón apoiando a que o fagas, sensibilizar doutra maneira. Ti sabelo como educador sanitario. Os únicos laboratorios que estudan isto son da Universidade de Santiago. Non existe un abandono real; hai convenios que se renovan, non como se fixo coas Aulas da UNED, que se entendeu non necesario.

D. Nicolás González Casares. Onde di que haxa abandono?

D^a Eva María Montoto Méndez. Parece que se quere dicir que hai deixadez neste eido, cando non a hai. Consta o traballo feito dos laboratorios e os convenios sucesivos, se non fose importantes estarían suspendidos. A educación é importante e representa un grandísimo traballo para os concellos. Hai que dicir que a Consellería de Sanidade fomenta e traballa xa con plans preventivos de adicións, os mesmos indican que as exposicións a concentracións de gas radón teñen risco alto cando superan os risco algo 200300 Bq/m³, expoñéndose a 740 que é cando pode morrer de cancro, mesma posibilidade que morrer por un risco violento, menor risco. Espoñendo 296 media alta Lalín, datos non fumador, 3 de cada mil. Sendo fumador 3 de cada sete. 5,7

D. Nicolás González Casares. Que país!.

D^a Eva María Montoto Méndez. Con 296 o risco é alto para os fogares risco se non és fumador, 3 de cada mil, fumador 57 de cada mil. Con 5,7 o risco é alto e asociado a tabaquismo. Faltan mencións contra o tabaco. Dicir que non se debe dicir que desde e a Xunta de Galicia e o Ministerio non se fai nada. Faltaba información á cidadanía, por exemplo cun plan antitabaco e de sustancias aditivas.

D. Nicolás González Casares. A Lei antitabaco do goberno socialista.

D^a Eva María Montoto Méndez. Hai un manual de boas prácticas e recomendacións para as vivendas, nos programas de axudas á rehabilitación de vivendas, salvo ascensores, cunha normativa habilitada para que o forxado ventilado estea un longo etc. Tamén o Código Técnico da Edificación incorpora documento básico e previsións sobre o gas radón. É positivo. Queremos cambiar e transaccionar

como emenda:

O punto dous (2) Elimínase.

O punto dun debe figurar instar, non reclamar, ao goberno de España e á Xunta de Galicia non a por en marcha, senón a avanzar e a continuar cos plans de exposición radón.

O punto tres de acordo, engadindo: Instar ao Goberno de Lalín realizar programa informativo sobre as toxicidade do gas radón e desenrolar plans programas sobre tabaquismo.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Aplicamos regulamento. Somos flexibles.

D. Nicolás González Casares. O punto final 3 acéptoo. Non se puxo porque eu non ía poñer: “instarme a mi mesmo”.

O outro de poñer instar en vez de reclamar á Xunta de Galicia tamén. Que avancen en plans de prevención e protección ante a exposición ao gas radón.

En canto ao segundo, eliminamos o punto primeiro e o segundo pasa a ser o primeiro.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: vinte (20), sendo dez (10) do PP, (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG, un (1) da APAC.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: unha (1) do Concelleiro non adscrito.

Xa que logo **APROBOUSE a moción coa emenda transaccional do seguinte tenor:**

O 17 de xaneiro de 2014 o BOE publicaba a DIRECTIVA COMUNITARIA “2013/59/EURATOM DEL CONSEJO de 5 de diciembre de 2013 por la que se establecen normas de seguridad básicas para la protección contra los peligros derivados de la exposición a radiaciones ionizantes, y se derogan las Directivas 89/618/Euratom, 90/641/Euratom, 96/29/Euratom, 97/43/Euratom y 2003/122/Euratom”

En dita directiva recóllese expresamente a evidencia estatística que sinala ao radón como un potencial carcinoxénico de primeira orde so superado polo tabaco como axente etiolóxico no cancro de pulmón. E así o Código Europeo Contra o Cancro, publicado en 2014 pola Axencia Internacional de Investigación en Cancro da Organización Mundial da Saúde (OMS), sinálao como unha das exposicións ambientais a reducir.

EXTRACTO DO BOE:

“(22) Los descubrimientos epidemiológicos recientes de los estudios residenciales demuestran que existe un mayor riesgo estadísticamente significativo de padecer cáncer de pulmón derivado de la exposición prolongada al radón en recintos cerrados a niveles del orden de 100 Bq/m³. El nuevo concepto de las situaciones de exposición permite incorporar las disposiciones de la Recomendación 90/143/Euratom de la Comisión a los requisitos vinculantes de las normas básicas de seguridad, al tiempo que permite suficiente flexibilidad en su aplicación.

(23) *Es necesario contar con planes de acción nacionales para abordar los riesgos a largo plazo de la exposición al radón. Es reconocido que el hábito de fumar unido a una alta exposición al radón presenta un riesgo individual de cáncer de pulmón notablemente más elevado que cualquiera de esos dos factores considerados individualmente y que el hábito de fumar amplifica el riesgo derivado de la exposición al radón en la población. Es importante que los Estados miembros aborden estos dos peligros para la salud.*

(24) *Cuando, debido a las circunstancias existentes a nivel nacional, un Estado miembro establezca un nivel de referencia para las concentraciones de gas radón en recintos cerrados en los lugares de trabajo superior a 300 Bq m⁻³, el Estado miembro debe remitir la información a la Comisión.*

(25) *Cuando el radón penetre desde el terreno en los recintos cerrados de trabajo, debe considerarse como una situación de exposición existente, dado que la presencia del radón es en gran medida independiente de las actividades humanas realizadas dentro del lugar de trabajo. Tales exposiciones pueden ser significativas en determinadas zonas o en tipos específicos de lugares de trabajo que corresponde determinar a los Estados miembros, y, en caso de superarse el nivel de referencia nacional, se deben tomar las medidas adecuadas de reducción del radón y de la exposición. Si los niveles continúan siendo superiores al nivel de referencia nacional, esas actividades humanas realizadas dentro del lugar de trabajo no deben considerarse como prácticas. No obstante, los Estados miembros deben velar por que se notifiquen esos lugares de trabajo y por que, en los casos en que la exposición de los trabajadores pueda superar una dosis efectiva anual de 6 mSv o un valor correspondiente de exposición al radón integrada en el tiempo, dichos lugares se gestionen como una situación de exposición planificada, se apliquen límites de dosis, y deben determinar los requisitos de protección operacional que hayan de aplicarse.”*

Os solos de Galicia con grande proporción de rochedos graníticos fan que o noso territorio soporte unha radiación de radon superior ao do resto do Estado. O Laboratorio do Radón de Galicia da Universidade de Santiago levou a cabo un traballo sistemático e continuado de medicións que dou lugar ao Mapa do radón en Galicia, situando ao Concello de Lalín nun denominado risco medio e atopándose para o noso Concello que dun 5 ao 10% das casas teñen niveis superiores aos 200 Bq/m³ e outro 5 ao 10% das casas presentan niveis superiores aos 300 Bq/m³, polo tanto son significativas as casas que presentan niveis de radon elevados e nas que os seus habitantes poden estar sufrindo agresións silenciosas e graves para a súa saúde. Polo tanto se ben é certo que o Concello de Lalín non é dos que sofren un maior risco derivado do radon en relación á provincia, si que se sitúa nun rango moi superior á media do Estado.

O gas radon é un carcinoxénico invisible, incoloro e inodoro que se acumula nos espazos interiores das casas. Ao ser respirado polo ser humano descomponse producindo partículas alfa de carácter radioactivo, unha radiación ionizante que ao irse acumulando ao longo do tempo pode dar lugar a carcinoxénese.

A día de hoxe por parte das administración públicas competentes, neste caso o Estado e a Xunta de Galicia non existen plans de loita contra o radon, nin unha

estratexia de prevención do dano producido polo gas, nin unha determinación real epidemiolóxica dos casos de cancro que puideran estar directamente relacionados con esta radiación. Así mesmo, moitas familias descoñecen se teñen ou non a presenza deste inimigo da saúde nos seus domicilios e a maioría da poboación descoñece como facer fronte a esta radiación e como minimizar a presenza de radon nas casas. Pero o problema non só se limita ás casas, pois pode haber centros de traballo con altos niveis de radon que aumente a exposición xa sufrida no domicilio en moitos individuos.

Ante esta situación e tamén coa intención de que se visualice un importante problema de saúde latente na nosa sociedade e do que se descoñece o alcance real, pero do que se sospeita o seu potencial alcance, en concellos como o de Lalín e tamén mostrando por parte deste Concello a intención de levar a cabo proximamente un programa informativo a veciños e veciñas da problemática exposta que incluírá tamén a medición do gas nos edificios municipais, propónse a adopción dos seguintes acordos.

O Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:

Primeiro.- Instar ao Goberno de España e á Xunta de Galicia a que continúen e avancen con plans de prevención e protección ante a exposición ao gas Radón.

Segundo.- Instar á Consellería de Sanidade en colaboración cos concellos, nomeadamente o Concello de Lalín, para a implementación de medidas de educación para a saúde que fomenten na cidadanía o coñecemento do problema sanitario que supón esta radiación ionizante, e instar ao Goberno de Lalín realizar programa informativo sobre a toxicidade do gas radón e desenrolar plans programas sobre tabaquismo..

9.- EXPEDIENTE 906/2018. MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA APOIAR A FOLGA INTERNACIONAL FEMINISTA DO PRÓXIMO 8 DE MARZO DE 2018.-

A Presidencia deu conta da presente moción presentada no rexistro xeral-electrónico o día 16 de febreiro de 2018 co número de rexistro de entrada 111. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable** da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 19 de febreiro de 2018.

Desde o goberno municipal **D^a. María Xesús García Iglesias** procedeu á lectura da moción. O seu texto non se transcribe porque figura no acordo deste punto da orde do día.

Desde o grupo popular, **D^a. Paz Pérez Asorey** dixo estar en desacordo co fondo e coa forma da mesma. Indicou que se presentou por urxencia a iniciativa convocada dende hai un mes. Merecían que a votáramos en contra, polo atraso en presentala, e que non fora debatida ata o pleno marzo, xa pasada a data.

D. Rafael Cuíña Aparicio. No Pleno de marzo.

D^a. Paz Pérez Asorey. Da impresión de que a traen urxencia cando coñeceron

PP traían moción. Recapitaron e dixeron: “Caramba nós non tremos nada; hai que presentada”.

Da pena ver isto e o que se dixo na comisión informativa do luns pasado. Ían votar en contra. Petición concelleiros do PP s presentan man desde. Recapitar permitan pesar da añoranza e tristeza do traballo tras moitos anos neste Concello, con iniciativas pioneiras todos presumir e sacar rédito. Este Concello un dos primeiros en que tivo unha Oficina de igualdade da muller, cun departamento dedicado exclusivamente á muller. Case merecían lles sacamos os cores. Da impresión descoñecen a realidade dende o seu partido sempre. Traen con amor e compañía e todos os grupos do goberno. Foron predican e defenden cousas son diferentes. Faise cara á galería. Evidente, pouco conformado, de recoñecer que son catro de mulleres dun total de once. As máximas concellerías recaen en homes. Aplauden e implicación e empeño das nosas concelleiras, hai algunha muller, nos postos de máxima responsabilidade. Aplicando implicar horas. Boten contas.

O PP seguirá comprometéndose e celebraralo para que haxa igualdade real día a día. As mulleres non teñen que facer máis que un home para ter os postos de responsabilidade. É o noso abc, co obxectivo de que ninguén padeza a desigualdade nunha sociedade en igualdade e postulados, pensa dous cousas. O seu obxectivo é conseguir unha sociedade igualdade de oportunidade,. Implica que non renunciemos as cousas para ocupar postos dos homes. Equilibrar os homes ocupen os ámbitos que ocupan as mulleres.

A folga é elitista e insolidaria, porque só afecta ás mulleres que están traballando e con emprego, e insolidaria, porque a algunhas lles toca por sorte. É insolidaria coas autónomas. Van pechar os seus negocios para ir á folga? As que asisten a dependentes e as que son autónomas non poderán facer folga.

D. Xosé Cuíña Aparicio. Cando comía cuns periodistas en Madrid e dixen: Ao argumentario do PP fáltalle o de anticapitalista.

D. Juan José Cruz García. Onde estaba a oficina do PSOE no caso de *Nico* no caso da menor en Vilatuxe?. Poro que non o saca á luz as cousas máis criticadas?. Por pequenas actuacións como esa, a el dáballe vergonza estar no grupo de goberno. Existen cuestións difíciles para defender a algún compañeiro, sobre todo cando se l defender a un compañeiro, síntese maltratado psicoloxicamente e economicamente e de competencias e de poder por este goberno.

Que facía o PSOE e o goberno cando a apoiar a esa muller que denunciou xurdiu o tema da muller que denunciou ao edil Hermida?. Pouco apoiaches só a simboloxía. Saíches todos a favor do home, que se presume a súan inocencia. Deixemos a reflexión. Deixemos aí a reflexión: por que non se valorou o apoio á esa muller? Este Concello aguantou impropiedades e bromas de mal gusto. A el non lles gusta as que lle fan a el. As veces raian con declaracións machistas ou que queren alterar a convivencia entre as persoas. Recordou o Sr. Alcalde se dirixiu á mi compañeira sentimental. Esta e a túa nova vítima. É implicitamente un insultou a miña compañeira, Debo ser eu un ogro e machista. Extrapolamos isto ao contexto da muller, ese día ela puido marchar complexo inferioridade á casa ou con sensación de que podía estar sendo tratada agresivamente ou machista. Eu pediría estas tres reflexións: que o Sr. Alcalde diga que foi unha simple broma, que se desculpe, con esa muller, que puido pasalo mal, alterar convivencia, que o PSOE de Lalín critique a Nico polos feitos de Vilatuxe e finalmente que amose o seu apoio á muller presuntamente agredida agredida ou acosada por parte do ex concelleiro *Hermida*.

Desde o goberno municipal **D^a. Lara Rodríguez Peña** non entendía o ton de réplica do PP. Nós presentamos a moción porque é moi necesaria. Entende que non lle vaia a folga ao PP. A folga sempre existiu e existe. Esta é a primeira vez na historia que se convoca. As organizacións feministas van detrás. O PP ten que participar e non dar as costas. Na explicación das mocións, os motivos son os mesmos. Nos as mulleres padecemos en oportunidades, promoción de emprego, brecha salarial e diferente entre homes e mulleres, conciliación imposible na vida laboral, traballo é necesario. As asociacións feministas e as administracións van detrás. Non apoiar a folga é incoherente, porque administración e feministas teñen que ir da man. Se todas as mulleres pararan, o mundo párase. As folgas diríxenas ás que traballan. Hai unha película de Vigo en 1972 co que se consegue a través da folga. Consiste en parar máquinas e o mundo; se se consegue o mundo párase tamén. As folgas doen e conséguense cousas. Temos que apoiar desde a Administración, deliberadamente ás mulleres. Somos imprescindibles. Iso é o que se quere demostrar con esta folga.

De novo **D^a. Paz Pérez Asorey**. Era unha moción a do goberno de cara á galería. Pidiu á Presidencia agora flexibilidade e antes lle dixo a ela que se lle acabou o tempo.

Son fiel aos meus principios aquí e fora de aquí. Manter e defender a ultranza. Non lle preocupan outros argumentarios. É grave que lle preocupe criticar argumentario do PP. A folga é insolidaria. Podo compartir algunhas cuestións con Lara, pero tamén revela ela irregularidades e incongruencia dos seus socios de goberno. Ten valentía e hai que recoñecelo.

Non acordamos debater conxuntamente. Parece que te pasabas aos postulados que nos recolliamos na nosa moción. De verdade a folga é insolidaria. Se se paran as mulleres, páranse todos os ámbitos. A folga é un acto de insolidariedade. Si se pensa: que pasa coas mulleres que atenden aos dependentes? E coas mulleres autónomas? Frivolidade e irresponsabilidade e descoñecemento, levar a violencia é desconcertante porque no eido da violencia de xénero o ano 2017 é un ano histórico.

Entre as forzas políticas fixeron xa dun Pacto de Estado que se fixo e asinou por todos o partidos políticos e organizacións e que contempla 214 medidas. Si que fan mención á violencia de xénero. Dicirlles que sigan na liña andada e que hai moitas cousas que facer e cumprir os compromisos adquiridos. Recomenda seguir coas medidas acordadas que non se levan á práctica. Reactiven as mesas, hai un protocolo do Ministerio do Interior.

D. Juan José Cruz García. Apoio ás mulleres ao máximo e sensible. Demostre diante dun xuíz. Non teño por que entrar nas miñas verbas. Aínda que calquera poida entender se neste Pleno ou noutro se *Celia Alonso* sentiu violenta por aquelas verbas, eu pido as miñas desculpas. Considero que non as fixen. Se considera violentas, queda aí a cuestión. Si que lle pediría que medie ante o Axente de Igualdade para que retire algunhas verbas ou se desculpe co edil no adscrito. Algunhas cuestións logo veremos, son mentiras. Que as faga ou non. Se se sentiu violentada, non me custa nada intentar ser menos violento.

Pide que as persoas con actuacións de dubidosa moralidade, que pidan desculpas. Non esquecerse, o Alcalde desculpou unha frase, cunha edil: "Gústalle a festa". Todos temos que ter esa intención. E con esa intención é coa que me quedo.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Desculpas se te cortei. Son flexible. Sempre respecto por tí aquí destro e fora, desculpas. Desculpas e de corazón. Segunda intervención te

pasáche de tempo.

Estou de acordo coa intervención de Lara. Os argumentos do PP son baladíes e non entrar no debate. Sorprende que sendo o PP pioneiro neste eido, eu participei ten a moitas mulleres en postos importante. Sorprende a tibieza dos argumentos.

D^a. Paz Pérez Asorey. E as hai a día de hoxe.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Sorprende tamén o PP cando eu comía cos xornalistas que o PP defende algo, lembrando que o Presidente da Deputación Provincial de Ourense foi contundente e contra a liña oficial e por unanimidade apoia a folga convocada. Sorpréndelle a tibieza nunha formación exemplar. A folga é acaida. Se se paran as mulleres, párase o mundo. Hai unha brecha salarial inxustificada. Non entende a tibieza. A folga estaba xustificada. Espero que se dean os pasos necesarios e que desaparezan esas inxustizas da vida social.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) do PP.

Xa que logo, **APROBOUSE a moción** do seguinte tenor:

O próximo 8 de marzo de 2018, co gallo do Día Internacional da Muller, terá lugar unha folga xeral feminista coa que se pretende defender e reivindicar os dereitos fundamentais das mulleres. Historicamente, a súa desigualdade e invisibilidade foi e continúa patente tanto a nivel laboral como social, motivo polo cal cómpre mobilizarnos e apoiar esta iniciativa dende todos os ámbitos.

En pouco máis de 14 anos foron máis de 1.000 as mulleres asasinadas vítimas de violencias machistas; a isto súmanse as consecuencias que na actualidade teñen as desigualdades entre mulleres e homes en todo o mundo, unhas desigualdades que se manifestan en múltiples ámbitos. Un deles é a fenda salarial, pois mentres que o salario mínimo medio anual dos homes en Galicia é de arredor dos 20.243 euros, o das mulleres só chega aos 15.730 euros, ao que cómpre engadir que os contratos a tempo parcial, temporal e discontinuo son maioritariamente femininos, máis concretamente, un 77,3% destes contratos son desempeñados por mulleres (máis de 3 de cada 4).

Así mesmo, as mulleres asumen maioritariamente os permisos e excedencias por coidados, así como unha carga desproporcionada de traballo non remunerado, o cal limita o seu desenvolvemento profesional e mingua os seus dereitos e prestacións sociais. No caso das excedencias, por exemplo, no 2017 foron solicitadas por mulleres 1.078 fronte a 132 pedidas por parte de homes. Por outro lado, as mulleres representan un 63 % da actividade laboral mundial e perciben ingresos á marxe de disposicións legais formais, incluídas as de control tributario estatal. A todo isto hai que engadir, ademais, que é no ámbito laboral onde moitas mulleres teñen experimentado acoso sexual; de feito, só na Unión Europea o 32 % do 55 % das mulleres que aseguran telo sufrido, experimentárono no seu lugar de traballo.

Por todo iso, cómpre promover unha lei para a igualdade salarial, así como avanzar na eliminación das violencias machistas para rachar con este sistema patriarcal no que estamos sumidos e sumidas. Rematar coa discriminación entre homes e mulleres é un deber inescusable e un compromiso ineludible do que todos e todas debemos participar activamente.

En base ao exposto, o **Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

Primeiro.- Apoiar a Folga Internacional Feminista do 8 de marzo de 2018, así como as reivindicacións e mobilizacións que se convoquen nesta data polo movemento feminista para reivindicar a igualdade de oportunidades no ámbito laboral e social, así como o dereito a vivir sen violencias machistas.

Segundo.- Adoptar todas as medidas necesarias para garantir o exercicio do dereito fundamental de folga previsto na Constitución e na lei, por parte de todas as mulleres traballadoras municipais que se sumen á Folga Internacional Feminista.

10.- EXPEDIENTE 856/2018. MOCIÓN DO PP EN RELACIÓN AO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.-

A Presidencia deu conta da presente moción presentada no rexistro xeral-electrónico o día 14 de febreiro de 2018 co número 1126. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable** da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 19 de febreiro de 2018.

Desde o PP, **D^a. Paz Pérez Asorey** dixo que xa había un camiño andado e faltaban pasos neste eido do grupo de goberno. En realidade as súas aportacións neste eido eran nulas case inexistentes había moi poucas aportacións. Era raro engadir algo.

D. Juan José Cruz García dixo non ter nada que dicir.

Desde o goberno municipal **D^a Lara Rodríguez Peña** dixo que o goberno de sobra coñecía os problemas que teñen a mulleres. Sorprendía o cabreo que xenerou a súa moción e que suscitaba. Dixo a moción desigualdade. Lembrou que a Concelleira de Facenda do grupo de goberno era unha muller. Nunca antes foi así. Sempre oi masculino. E as melloras.

Desde o PP, **D^a Paz Pérez Asorey** dixo que o PP eran pacíficos. O ton compartímola a moción, non apoiar.

D^a Teresa Varela Fisteus por alusións dixo que no grupo de goberno había catro mulleres. Coidaba que ningunha delas ocupaba un posto maior ou menor cas outras. Non compartía o que se dixo. Todas traballaban sen ter en conta o que podían facer.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo e dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10), sendo (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, unha (1) do BNG, unha (1) da APAC.

Xa que logo, aprobouse a moción do seguinte tenor:

Un dos piares fundamentais na construción das políticas de igualdade é a necesidade de garantir o acceso, a permanencia e a promoción no emprego en iguais condicións de oportunidades, así como garantir a elección libre de proxecto de familia e a compatibilidade deste co desenvolvemento profesional.

A conciliación, tradicionalmente, foi entendida como un ámbito a resolver polas mulleres, tamén moitas e, aínda na actualidade, víronse na tesitura de escoller entre a súa vida profesional e a familiar.

Hoxe en día, a conciliación e a xestión de traballos e de tempos é un problema que debe ser resolto tanto polos homes coma polas mulleres e, debe ser facilitado e impulsado polas distintas administracións. A tal fin, a Xunta de Galicia ven de convocar, unha liña de axudas para as entidades locais de Galicia, cuxo obxectivo enmárcase no compromiso formal e prioritario da Unión Europea dende a entrada en vigor do Tratado de Amsterdam, onde se recolle como un eixo fundamental e irrenunciable, a consideración da igualdade entre homes e mulleres como un obxectivo horizontal chamado a integrar a totalidade das políticas da Comunidade, o que significa a aplicación do principio de igualdade de trato nos diferentes ámbitos; isto é: a loita contra a discriminación por razón de sexo no acceso o emprego, a progresión na carreira profesional, a conciliación da vida laboral e a vida privada, e a promoción de igual remuneración por igual traballo, así como a loita contra todas as formas de discriminación e a promoción da igualdade de oportunidades.

Na Estratexia europea 2020, por un crecemento intelixente sustentable e integrador, tamén se destaca a necesidade de desenvolver políticas que promovan a igualdade entre sexos co fin de incrementar a participación da poboación laboral, contribuíndo así ao crecemento e á cohesión social.

Así pois, a liña de axudas da Xunta de Galicia ás Entidades Locais, ten por obxecto facilitar a implantación de programas e medidas de igualdade no ámbito local, como son os programas de fomento da conciliación, sempre que os seus obxectivos respondan ao fin de fomentar a corresponsabilidade entre mulleres e homes a través da conciliación dos seus tempos persoais, laborais e familiares; así como os Bancos de tempo, coa finalidade de facilitarlles ás persoas un sistema articulado de intercambio destinado a subministrar servizos e/ou coñecementos, entre mulleres e homes dun contorno dado, cuxa medida é a hora de tempo.

Falamos tamén, nun chanzo máis, de corresponsabilidade, entendendo esta como a participación alícuota dos distintos membros das unidades de convivencia nos traballos domésticos e de coidado.

Por outro lado, é de vital importancia traballar na sensibilización social en relación coas vantaxes dunha organización social corresponsable e das medidas para a harmonización da vida privada e laboral, así como na paternidade responsable, exemplificado no uso de medidas e permisos de conciliación por parte dos homes, que deben ser promovidos e fomentados. Pero pese a que se teñen dado pasos por parte de todos os axentes implicados que sen dúbida contribúen a avanzar neste eido, é necesario seguir profundizando e mellorando na planificación das políticas de igualdade.

Resulta imprescindible e necesario, que o asociacionismo feminino e a administración vaian da man no traballo en prol da igualdade, e para iso deben establecerse medidas que aseguren a súa pervivencia e sustentabilidade económica e xeracional, e que faciliten as súas importantes actividades, que reverten no só nas súas asociadas senón en toda a sociedade. Neste senso, é necesario tamén destacar o papel de cohesión e sonoridade destas asociacións, que constrúen e articulan auténticas redes de colaboración que reforzan e dan continuidade ao traballo colectivo en prol da igualdade.

En base ao exposto, o **Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

Primeiro.- Instar ao Concello de Lalín a:

a) Profundizar na transformación dos valores que reproducen a desigualdade de xénero, a través de campañas e accións de sensibilización e información o conxunto da cidadanía sobre as vantaxes sociais da conciliación corresponsable.

b) Poñer en valor e dar visibilización a contribución feminina neste Concello, a través da posta en marcha dun programa anual de recoñecemento ao labor, traballo e talento das mulleres que contribuíron o desenvolvemento cultural, económico e social de Lalín.

c) Promover unha comunicación libre de mensaxes e imaxes que reproduzan estereotipos de xénero e potenciar a transmisión de contidos que fomenten a corresponsabilidade, coa implicación dos diferentes axentes.

d) Consolidar un sistema de apoios á conciliación dirixidos á atención á infancia, ao coidado de persoas maiores, persoas con discapacidade e/ou situación de dependencia en colaboración ca Xunta de Galicia.

Segundo.- Así mesmo, instar ao Concello de Lalín a dirixirse á Xunta de Galicia e instala a:

a) Continuar e mellorar as liñas de axuda para as Entidades Locais en colaboración ca Federación Galega de Municipios e Provincias, co obxectivo de mellorar os recursos a disposición da cidadanía en prol da Igualdade de Xénero.

b) Seguir na procura do fortalecemento do tecido asociativo feminino en xeral e, moi particularmente no ámbito rural, a través de liñas de axudas e programas.

c) Realizar campañas de divulgación e visibilización da contribución das mulleres galegas nos ámbitos da cultura, a ciencia, o deporte, así como noutras especialidades, como referentes necesarios para a sociedade en xeral e a mocidade

en particular.

11.- EXPEDIENTE 859/2018. MOCIÓN DO PP PARA NEGOCIAR COA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA UN CONVENIO, SIMILAR AO ASINADO CO CONCELLO DE VIGO, PARA REMODELACIÓN DO CAMPO PRINCIPAL DO CORTIZO E PARA A EXPROPIACIÓN TERREOS CONSTRUCCIÓN ÁREA DEPORTIVA DEBAIXO DO LALÍN ARENA.-

A Presidencia deu conta da presente moción presentada no rexistro xeral-electrónico o día 14 de febreiro de 2018 co número 1127. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao **ditame favorable** da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 22 de xaneiro de 2018.

D. José Antonio Varela Quintela falou polo PP. Desde 2014 fixo historia do tema. Dixo que ían seguir adiante con este compromiso e cumprir a súa palabra no tema do Manuel Cortizo. Esta instalación usábanlla diariamente uns setecentos deportistas. Está moi demandada para a práctica dalgún deporte. Unha parte en da instalación está en precario. A xente dillo por aí adiante. Primeiro mandato do goberno no marxe. Para cerrar a Deputación inxusta administración. Aposta. Lembrou algúns eventos que se celebraron en Vigo 2016 e os investimentos no Concello de Pontevedra como estaba hoxe. Pide que o goberno municipal negocie coa Deputación Provincial a remodelación integral do estadio de fútbol de Lalín Manuel Cortizo.

D. Juan José Cruz García dixo que non ía dicir nada.

Desde o goberno municipal **D. Nicolás González Casares** afirmou que agradecía o ton empregado polo voceiro, de costume e aceptada na exposición. Coidaba que Lalín era máis que o campo de fútbol. Vai facendo cousas o goberno. Neste mandato Lalín ademais da herba artificial, el prefería que fose en herba natural, a Deputación Provincial actuaría segundo os planes. Non ía facer o que fixo antes o anterior Presidente, o *Sr. Louzán*, para o que todo eran campos de herba artificial. Había que manter en servizo o Lalín Arena complexo. Había unha cuestión urbanística previa a resolver. Facía falta desenrolar un SUE na meirande parte da circunvalación, en concreto nesa zona. Isto non era fácil. Necesitábase adaptar o urbanismo sempre e os viais tamén. Falou do SUE-10 que necesita un desenvolvemento completo. Está o Halley e o Alto de Vales con problemas. No expediente da moción, fálanse de máis de vinte mil habitantes antes. Xa figuran máis de 20.000 todos eles no DUSY. Faremos a obra, pero nada de megalomanías. Son cuestións debatibles. As mocións eran máis documentos que realidades. Na moción pedíase isto, pero facía falta a expropiación dos terreos que polo menos íría sobre 400.000-500.000 euros. Non debemos dicir iso. É discutible pero necesario. Tamén é necesario meter en Vilatuxe e poñer máis cartos. Imos votar a favor, pero o punto dous é complexo polo seu custe, reitera que estamos a falar de 450.000 euros.

De novo **D. José Antonio Varela Quintela** afirmou que podía enlazar o que se dixo: a expropiación podía facela o Concello e a dotación a Deputación. Así de fácil era iso. O segundo non viña así ditado. Onde van meter o anel, o rugby, o atletismo e ciclismo? Onde?. Isto está no pacto de goberno? Metín o mesmo que está no pacto de

gobierno?. Tiña un espírito construtivo, e indicou que se meteu o mesmo texto que figuraba no pacto de goberno. Eu quixen meter o mesmo que no dito pacto. Vostede anúncianme que van investir tamén en Vilatuxe, que xa ven en camiño. Pero estaba desatendido o casco urbano. Se queren empezar polas parroquias, estas teñen todo o dereito do mundo a contar con estas instalacións.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Non te metas nese xardín. Perdón.

D. José Antonio Varela Quintela. O xardín é trasladar aos rapaces as parroquias? En Vigo houbo un convenio.

D. Nicolás González Casares. Nas parroquias Louzán fixo moitos campos de fútbol.

D. Xosé Crespo Iglesias. Vexa a viga no seu ollo. É similar ao que fixo Louzán. Custáballe cartos. A súa política é unha política rastreira

D. Rafael Cuíña Aparicio. Hoxe tócame ser rastreiro. Segue así. Tamén dixo que era chulo, prepotente analfabeto.

D. José Antonio Varela Quintela. En tódolos programas electorais dos partidos, en todos ía algo. Vostede non moveron un dedo para levalo a cabo. Explíqueme: onde van meter o que vai no pacto de goberno?. O punto segundo é exactamente igual que o do pacto de goberno.

D. Nicolás González Casares. Pero non está claro.

D. Miguel Ángel Medela Dobarro. Di que podemos sentarnos e negociar. Dixo que nos queremos arranxar o campo de fútbol de Vilatuxe e fai falta. E temos que negociar coa Deputación Provincial. Que digan os do PP que é unha demanda histórica... No ano 2004 o Concello de Lalín coa Deputación fixo o campo de herba sintética. Pasaron dez anos máis e non fixeron nada máis. O PP tivo tempo para pedir estas obras á Deputación de Pontevedra e arranxar o campo de fútbol Manuel Cortizo e non o fixo. O campo de herba artificial fixérono como fixeron o de Silleda, Agolada e Rodeiro. Puideron ter feito outro máis. Non é unha demanda histórica. Eu levo entrenando moitos anos no Manuel Cortizo e sei a demanda histórica que pide a xente e desde sempre. Nós queremos que se arranxe este campo, pero tamén pretendemos coa Deputación arranxar o Campo de Vilatuxe.

D. José Antonio Varela Quintela. O que queira. Empezou o mandato unha empresa técnica foi alí ao Manuel Cortizo e mediron.

D. Miguel Ángel Medela Dobarro. Para o adestramento a Escuela de Fútbol non ten sitio? Ningún. Podían ir a Vilatuxe e non habería problema en levala para Vilatuxe. Pero se fora así, non hai problema. O problema ven dado cando se construíu o local social de Don Ramiro. Ese é o grave problema. Nesa esquina cabía un campo de fútbol sete. Construírono nun terreo adicado a zona deportiva e coas medidas que tiña daba para meter no mesmo un campo de fútbol e solucionábase así o problema dos adestramentos. Non se fixo así e perdeuse a oportunidade.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Vaia rematando.

D. José Antonio Varela Quintela. Vostede leva máis anos ca min e coñéceo.

D. Rafael Cuiña Aparicio. É un golpe baixo de Medela, Pincho.

D. José Antonio Varela Quintela. Mentres eu estea en política sempre defenderei isto dentro e fora dos partidos. Eu creo nas instalacións deportivas xuntas, polo control e o mantemento. Non son partidario de dispersalas como fan a Deputación e a Xunta de Galicia. Se defendo a Lalín, igual defendín o Lalín Arena, das que hoxe aprovéitanse moitos deportistas. E eu sufrín a instalación do pavillón vello. Había que avanzar e poñer algo desde a nosa parte. Tráese esta moción como un plan construtivo. Pódese sacar unha parte. Co que puxo a Deputación no Carril Bici de Teixamil había suficiente.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Tras escoitar ao portavoz popular sorprendía que dixeran que nunca lle escoitaran ao Alcalde reprochar nada á Deputación Provincial. Ata en tres plenos díxeno, e xa levan tres plans de obras anuais. Díxenllo á Presidenta *D^a. Carmela Silva*, coa que se leva ben. Dígolle que non é do meu partido, pero tamén que ten que apoiar a Deputación máis instalacións deportivas en Lalín. Ten a sensibilidade que está a flor de pel e outra maneira din cousas sen máis intencións. Respecto a todos. Ti és home de deportes.

Dixo Miguel e o Tenente que chegarán boas novas para Vilatuxe, porque o merece e moito en infraestrutura deportiva. Tamén alí esta o Rali, etc. Haberá boas novas. Gastaremos cartos alí tamén.

Para o estadio Manuel Cortizo el era máis da opinión favorable á que sexa de herba natural que de herba artificial. Ao mellor hai que levantalo, é difícil, ven da túa época.

D. José Antonio Varela Quintela. Propoño meter na moción o tema de Vilatuxe.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Xa se apoiar no seu día

Sometida a votación ordinaria a moción coa emenda ou por consenso entre este grupo e o grupo de goberno, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito **APROBOUSE a moción do seguinte tenor:**

A finais do mes de xaneiro, o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra asinaban o último, ata o momento, da ducia de convenios entre ambas administracións que se asinaron neste último ano e que están a converter á cidade olívica, a máis grande da provincia, en obxectivo prioritario dos investimentos da Deputación de Pontevedra. Convenios que atentan directamente contra o espírito das propias deputacións que é o de converterse no principal apoio inversor dos pequenos e medianos concellos e non na principal fonte de ingresos externos dun Concello do tamaño de Vigo.

O último dos convenios asinados é a mellor demostración de que a Deputación de Pontevedra en vez de xestionar fondos para concellos con escasa capacidade inversora, polo seu tamaño, funciona, da man de Carmela Silva, como unha concellería máis de Vigo. No documento asinado o 22 de xaneiro, Carmela Silva e *Abel Caballero* acordan destinar 9,2 millóns de euros a catro novos pavillóns en Vigo e a cambios de céspedes e de iluminación en varios campos de fútbol do concello olívico. Do montante do convenio, un total de 5,5 millóns de euros proveñen de fondos do organismo provincial. Na comparecencia trala sinatura do convenio, a presidenta provincial *Carmela Silva* aludía a que con eses cartos se daba resposta a “unha demanda histórica do deporte da cidade”

O 11 de novembro de 2014 o goberno do Concello de Lalín, representado por José Crespo e José Antonio Varela, mantiñan unha reunión cos dirixentes do Club Deportivo Lalín e da Escola de Fútbol Deza para avanzar na reforma e modernización do campo principal do Manuel Anxo Cortizo para dotalo de novas instalacións, unha nova grada, e unha superficie de herba sintética de última xeración. Despois desta primeira reunión, da que partiu un acordo para responder a unha reivindicación histórica como a remodelación do campo de herba natural do Cortizo, mantivéronse outra con outros clubs usuarios nas que se chegou ao consenso para acometer esa obra.

Unha obra que contaba co beneplácito dos clubs, pero tamén coa aposta inversora da presidencia da Deputación que en varias ocasións transmitiu o apoio do organismo provincial a esta mellora desta histórica instalación deportiva. De feito, encargouse un proxecto de remodelación que contemplaba unha reconfiguración total da metade desta instalación correspondente ao campo principal.

Unha proposta de mellora que, con matices e diversas variacións nas configuracións, tamén asumiron na campaña electoral formacións que compoñen o goberno. Así, entre outros, o PSOE, que ostenta responsabilidade de Deportes no actual goberno, apostaba por unha reforma na que se inclúsen dous campos e uns novos vestiarios. Mellora necesaria desta instalación moi utilizada por equipos e deportistas proposta polo Partido Popular sendo goberno en 2014 e na campaña electoral de 2015 que se complementaría ca necesidade de habilitar unha nova instalación deportiva para o equipo de rugby e para o atletismo pola zona de abaixo do Lalín Arena que ampliaría e complementaría a oferta deportiva en pleno casco urbano lalinense.

Partindo destes parámetros; considerando o convenio recentemente asinado entre o Concello de Vigo e a deputación de Pontevedra, cun montante do organismo provincial de máis de 5,5 millóns de euros; tento en conta a “reivindicación histórica” que supón a modernización do campo principal do Manuel Anxo Cortizo e os beneficios que aportaría a construción dunha nova instalación deportiva baixo o Lalín Arena.

O Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:

Primeiro.- Esixir ao goberno de Lalín a negociación coa Deputación de Pontevedra dun convenio, de semellantes características na aportación provincial ao asinado con Vigo, para cometer a “demanda histórica” da remodelación do campo principal do Manuel Anxo Cortizo.

Segundo.- Que neste convenio se recolla a cantidade de cartos necesaria para proceder á expropiación dos terreos necesarios para a creación dunha instalación deportiva múltiple que inclúa un campo de rugby, pistas de atletismo e anel para ciclismo baixo o Lalín Arena.

12.- EXPEDIENTE 989/2018. MOCIÓN POR URXENCIA DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO EN RELACIÓN A INFORMES RELATIVOS AO TÉCNICO DE IGUALDADE DO CONCELLO DE LALÍN.-

A Presidencia deu conta da presente moción presentada por vía de urxencia, presentada no rexistro xeral o día 20 de febreiro de 2018 co número 116.

D. Juan José Cruz García pediu desculpas porque non estaba na orde do día, na prensa e non a rexistrou. Xustificou a urxencia na posible existencia nalgún servizo municipal dun informe sobre os seus come comentarios feitos nunha sesión plenaria.

Sometida a votación ordinaria a urxencia da moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito **ACORDOUSE DITA URXENCIA.**

Na defensa da moción **D. Juan José Cruz García.** Que repita o Secretario, que non sabe que moción é.

Secretario. É a do funcionamento municipal en relación cos informes.

D. Rafael Cuiña Aparicio. O tema de Celso.

D. Juan José Cruz García. Esa é a xustificación. Díxeno no Pleno anterior que houbo ataques verbais e escritos dun funcionario. Infundados e desproporcionados. Non se garantiu que eu puidera recibir un trato normal. Non houbo obxectividade deste funcionario, non foi imparcial, nin cumpriu. Solicitouse un informe a Secretaría para que buscara un informe que coidaba que emitira un funcionario desta casa que dicía e lle favorecía a el como infundadas e desproporcionadas aquelas declaracións. Por tanto non se atopou o informe e coidaba que non todo era normal e que o dito funcionario non foi imparcial, polo menos no sentido que a CE no seu artigo 103 resaltaba e en varias normas máis. Fíxoos en horario laboral. Lembrou que durante o Pleno anterior el chamou a un policía local que lle acompañase ao despacho do dito funcionario e estaba alí. Logo el dirá que estaba na hora de café cando comentaba nas redes sociais aspecto sobre a vida política do dito edil. Logo el dirá que estaba na hora do café. Si estaba no posto. Pedín á Policía local. Non era así. Era desproporcionado o que dixo del nese informe e ten que haber respecto hacia el dos funcionarios. Había que medirse moito respecto a un edil. A administración supostamente non debía estar ao servizo do poder, valorando as actuacións dun edil non adscrito. Non actuaba obxectivamente e este non é o camiño a seguir. Este é que se cumpran as leis.

Non estaba descontento cos funcionarios en xeral. Día a día, o apoio é bo, moitos deles falan en privado, axúdanme e asesóranme. pero no caso de Celso Taboada

estaba agravado, porque o Alcalde o consinte e coñecía de sobra as peticións de negociación do dito funcionario e a suba de retribucións e complementos que lle pediu o dito funcionario *Celso Taboada*. Cando eu estaba no goberno, era un funcionario díscolo e o problema existía. Celia Alonso era a encargada dar as produtividades. Chama a atención estes pronunciamentos, tendo en conta que non tivo pronunciamentos sobre outros temas aludido na moción

O acordo non dicía a que departamentos debía pedirse, e o Secretario tenq ue estar atento. Para nada pedía que se dirixise só a ese departamento.

Si existe un informe, el quería sabelo. Non está nese departamento. Sei que existe e é moi favorable. Insisto en que polo visto era bastante favorable para a súa persoa. A Faro de Vigo. Insistiu en que o Secretario se pronuncie sobre se os insultos nas redes sociais, insultos varios, algúns deles eran delitivos. O informe estaba no fondo do caixón. Existe e quere que pregunte en todos departamentos. Coidaba que o informe estaba escondido. Que pregunte se existe ou non nos demais departamentos sobre o conflito con Celia Alonso. A obxectividade deste funcionario non garante nin a cohesión, nin a moralidade, nin para nada unha actuación respectable. Quero que vostede faga un informe deste tipo de actuacións. Pódese presumir ou abrir un expediente de se estas actuacións son legais. Hipoteticamente pode gardar conflitos de intereses por atrás. O obxecto era que os funcionarios respecten a actividade política e non se metan no mesmo. O informe indicará as actuacións que debe realizarse. Mesmo ao mellor hai que incoar un expediente a un funcionario local.

Pedía o informe do Secretario no Pleno sobre Celso Taboada e membro do CSIF sindicato, que defendeu a Nico. Na investigación do Xuíz e da policía xudicial non se pronunciou en varios procedementos xudiciais. Tamén omitiu criticar a Nico en Vilatuxe? Tampouco se pronunciou no caso do edil que dimitiu o edil *Hermida*. Cheira moito.

El está tremendamente ilusionado en ir declarar diante do xuíz. Dixo que o seu trato sería proporcional ao que recibise. Estaba enriba destes temas para garantir que no futuro en Lalín se poda dicir o que se lles permite e sen asumir risco de intervención e que non lle pete. Hai risco coas afirmacións que fai a xente. Somos moitos xente humilde. Parecía que había unha élite de familias no Concello desde sempre. Había que acabar con esa costume, Había que acabar con iso e que unha persoa poida etiquetar ou censurar a outra. El non pensaba etiquetar e censurar. O Secretario que fale de mi. É un funcionario importante. As Consecuencias e valoracións fanse en serio. Hai que censuralas e adiantar cales. Había que dar a cara como mínimo. Se o funcionario é valente para opinar o que quixo, que sexa tamén valente para pedir desculpas diante un erro tan magno e tan grande como o que cometeu.

O *Secretario* dixo que había na parte dispositiva dúas partes: Execución dun informe, dun informe que non se sabía se existía. Fixo actuacións para atopalo.

A primeira era unha investigación. El non era un chérif e non debía ir polos departamentos buscando se había ou non informes; en canto ao segundo podía tratarse dun tema alleo ao Concello, que podería incardinarse na vía penal, se houberse materia para elo.

De novo **D. Juan José Cruz García** dixo que el non tiña a culpa. Entendeu. Expliqueime mal. Quero que se busque. Alguén teno escondido no caixón. Alguén escondeuno. Agora só o pido, se non me entende.

O *Sr. Secretario*. As funcións do Secretario son dirixir a Secretaría, a fé pública e o asesoramento legal. Non ten competencias para exercer de chérif, buscando se

ten informe, Para iso está o Alcalde Presidente, a Policía Local e o departamento de persoal. Pide cambiar iso. O Alcalde tería que dirixirse aos departamentos. Non sabe si existe.

D. Juan José Cruz García. Se ofendo invito a ler. Insto a ler ao Secretario.

O Sr. Secretario. Non son un cherif.

D. Juan José Cruz García. É difícil enviar un *email*?

O Sr. Secretario. Non teño atribucións.

D. Juan José Cruz García. Levo mal as novas tecnoloxías. É un *email*. Quero desculparme. Teño cariño ao Secretario. Só lle pido iso.

D^a Eva Montoto Méndez. Dixo que tiñan que medirse todos os edís, e non dicir o que nos pete os políticos e aos técnicos coas súas declaracións. O Alcalde o primeiro, porque tiña a máxima responsabilidade; logo os técnicos. Había que medirse e controlarse.

De todo o tema do informe culpo ao Alcalde. Se non queremos que pase isto, que os dean. Había outros departamentos para sacar notas de prensa ocultando nada ou respecto á xestión. Non se debe utilizar aos técnicos, nin sacar notas de prensa, ocultando a mala xestión ou maquillando. Primeiro iso tiña que ser o Alcalde e tamén todos os que nos midamos cando falemos. Non había que dicir todo o que pensamos e mesmo o, defender con modos o que nos guste. Pero había que recobrar a dignidade e ter certa moralidade nas intervencións.

O PP e eu entendemos que pode ir a todos os departamentos técnicos e que teñan obxectividade e imparcialidade. O goberno debía apoiarnos e dar os informes a todos con dignidade e moralidade. O Secretario se non pode facelos, debe solicitalo ao Alcalde. Calquera ten dereito a calquera informe, para defendernos. Debemos medirnos todos. De parte e parte favorécenos. Falo de Juan Cruz. A moción é del, e todos non debemos dicir o que nos pete, non, temos que medirnos. Houbo circunstancias e mesmo máis graves que estas cando dito edil formaba parte goberno. Nos apoiar o informe. El no seu momento non fixera así. Temos que aplicar a ética igual, uns e outros.

O Sr. Secretario. O que se está pedindo non é un informe, é unha investigación. El non ten que ir polos departamentos buscándoo. Non era un investigador. A súa función é ter o expediente e a documentación e informalo.

D. Nicolás González Casares. Se sospeitas que existe ese informe, di en que departamento está e se solicita a ese departamento.

D. Juan José Cruz García. Sinala que como edil non adscrito recibiu do PP un trato exquisito. Se non fora polo PP, Juan Cruz estaba na Balouta. O peor foi entrar contra tí. Se dar ao paso o edil non adscrito, non é unha mostra de apoio á túa persoa, poucos valores hai na pel deste Concello. A xente máis cercana acudiu á miña casa, . Probablemente as persoas mais valoradas por mín. Non sei como és valente para entrar neste Pleno, dixéronte. O mellor sería non ter que vir ao Pleno. Ía apoiar a petición do informe.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Eu fun corretísimo. Viches que eu insultase a alguén?.

De novo o *Secretario* insistiu en que non podía investigar nos distintos departamentos porque el carecía de competencias para elo. As súas funcións eran a fe pública e o asesoramento legal, ademais de dirixir a Secretaría.

D. Nicolás González Casares. Que pida o informe aos departamentos; pedir e xa esta.

D. Juan José Cruz García. Quería resaltar o trato exquisito que lle daba o PP e o apoio á súa persoa. O caso máis grave é o de Eva, que é valente. Omitir e suplantar a identidade dunha persoa, dirixíndose a Eva, non é digno do Alcalde. Ti non sabes as dificultades que ten o concelleiro non adscrito para traballar mentres se está aplaudindo e abanicando o Alcalde. Non ten tamén outro recurso. Necesito de vos. El ten primeira competencia, e ata iso o está parando. Todo é culpa del. Vou favorecer o que me pete e diante dun xuízos. Estou moi contento e aprendendo moito. Teño votantes en Lalín, aínda se non sigo en política. O PP está abanderando a oposición contra o Alcalde. Non teño outro informe e dependo de vos. Un me fai falla para o xuízo. O PP trata mellor ao concelleiro non adscrito que o goberno municipal e apóiame máis. Valora moito isto neste camiño no deserto. Se non che parece importante, nunca fun do PP. Tenme o seu lado.

En canto á investigación, é menos importante. O informe que ten que facer de Celso Taboada si que é importante. Solo diso, pido un comunicado. A ver se existe e pode dirixirse oficialmente a todos os departamentos preguntando se coñecen o informe sobre o malentendido.

Temos que medirnos nas formas porque temos a preparación que temos e mesmo había que utilizar exercicios de relaxación. Si. Avisolle: este concelleiro ten moito que falar. Sempre falou con probas. Non había que terlle medo con probas. Non lle gusta como falou de José Antonio; que se chame a alguén palanganas!. Ao meu grupo de traballo abúrrenlle os plenos. Ao principio leveinos hacia alí. Outros insultan. O meu trato sempre será proporcional ao trato que reciba. O Alcalde non poderá dicir que non insultou a ninguén, verdade Antonio Rodríguez. Eu son tonto útil.

Dicirle en cinco minutos a cada departamento se coñece ese informe non é moito.

O Sr. Secretario. No me custa nada remitir ese oficio. Non son investigador, pero o que se pide é unha investigación. O que vai facer é un oficio cunha pregunta e unha resposta. No primeiro punto estamos diante dunha denuncia para ver si se trata de incoar un expediente disciplinario. Isto correspóndelle ao Alcalde e ao departamento persoal.

D. Juan José Cruz García. Nada. Por si puidera ser motivo. Só un informe cos artigos da lei da función pública e da Constitución. So pide saber se hai motivos cando unha persoa lle chama, violento, equipaxe de personaxe, e se ten ámbito penal.

O Sr. *Secretario*. Penal, non?

D. Juan José Cruz García. Dáme a razón?.

O Sr. *Secretario*. Este tema ten dúas partes: unha deles refírese a que na súa

xornada traballo o empregado utilice, opinións cualificacións que exceden do ámbito administrativo e que pertencen ao ámbito penal.

D. Juan José Cruz García. Pois diga iso. Se lle parece normal que se me trate así de ir ao psicólogo, de personaxe impresionante, de ser un misóxino. Diga o que queira. Se quere facelo, fágao; ou non o faga. A misión me da a razón. Non quere ir contra un compañeiro. Obviamente. Eu tampouco, pero ninguén vai arruinar a miña vida persoal. Eu teño que defenderme.

Dª. Eva Montoto Méndez. É un tema serio. Agradeceu as verbas do edil non adscrito, pero non insistirá. Agradezo a parte de que tomaras a decisión e de que tomases en conta o que dixen. A ética estaba por enriba dos ataques. Non quería ningunha do goberno, nin de ningún departamento. Ninguén desta casa se pronunciou. Estaba doída. Fun a primeira persoa vida política evitando os ataques desmedidos.

De novo **D. Rafael Cuiña Aparicio** dixo que xa se desculpou por este tema.

Dª. Eva Montoto Méndez. Ningún departamento ten que contar con presuncións. Ela estaba doída co Alcalde. Primeiro se pasou. Había que medirnos e o Alcalde era o máximo responsable.

En canto ao informe, esperaba que cho fagan porque era relevante e llo dean, porque non tiña a información. Eu queríano para min. Todos temos dereitos a defender a nosa honorabilidade.

Entende a postura do Secretario. Pero eu por máis que intentei que uns agravios que recibín figurasen na acta dunha sesión non o conseguin. Hoxe seguen sen figurar na acta, aínda que pediu que a acta fose literal e aínda estaba sen aprobar a acta porque non constaban na mesma os insultos. Foi unha loita do PP. Sinto non estar no momento oportuno. Por enriba da política hai un ámbito como este.

D. Juan José Cruz García. Entende que o Secretario queira defender aos compañeiros. Eu fun levando o Pleno ben. Di pistas para evitar problemas. Cruz ten a mesma imaxe. O que importa é que saia a persoa e pida desculpas. Non importa o informe. Hai informes que son demoledores, como a sentenza do Sr. Alcalde sobre a suplantación de identidade. Pídvos ao PP que a fagades pública, porque é demoledora e que a publiquedes.

Entendo a postura do Secretario de non xogar con el. A regra ou a norma é que eu teña que solicitar ao Alcalde... Eu convidoo ao mellor cocido na casa. Quere levalo hacia onde quere levalo. O Auto do xuíz é demoledor para Cuiña.

Non me importe o Informe. Gustaríanme máis as valoracións na prensa nas que a xente me escoita. O informe impórtame pouco e máis solucionar o de Celia e de Celso que vaia Celso a pedir desculpas polos insultos de Celso con el. O Alcalde empezou con isto. Non se velou nada. Rise de min á cara. Nos rogos e preguntas, imos alucinar con certas verdades que digo como puños. O pobo de Lalín ten que abrir os ollos. A prensa ten que abrir o espazo. Ensinástesme a tirar adiante. Conta verdades. Pido iso, pido poder falar soamente.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Todos temos que baixar o nivel. Cando interesa sacan temas como o de Antonio Rodríguez ao que eu lle pedín desculpas, nun tema con actividade nun tempo record. Levo moito tempo sen faltar respecto.

A min chamáronme ultimamente analfabeto, chulo, cretino... Non me dixeron iso?. Non

me poño de pobriño. Se ve os plenos doutros concellos...

D. Juan José Cruz García. Díxolle ao Alcalde: Por que xudicializou vostede a vida política? Pero ti de que vas?

D. Rafael Cuiña Aparicio. De acordo. Nunca vin una situación cun funcionario público similar a esta. Supoño que os sindicatos terán algo que dicir. O sorprendente, é aceptar cuestións, pero non efectuar persecucións a un funcionario público e que vostedes apoien esas actuacións. Con este acordo abríase unha espita bastante perigosa para o futuro.

D. Juan José Cruz García. O perigo es ti. Méteste en lios e non vas saír deles.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Nunca os vin. Os sindicatos terán algo que dicir. Sorprende un pouco ver o que queren facer cun funcionario público e que apoien os do PP. Eles non ían apoiar. Vostedes verán. Alá vostedes e as súas conciencias

D. Juan José Cruz García. Unha pregunta. Déixame facela.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Non, non. Estou falando eu. Dentro dun ano haberá eleccións. Xa o fixen e xa me desculpei con Antonio Rodríguez porque non o merecía. Teño rexistrado unha ristra insultos e ninguén se desculpou diante de min, doutras moitas nunca se desculpou comigo. O outro día na radio nunha roda de prensa José Antonio insultoume, falou de as chulerías do Alcalde.

D. Xosé Crespo Iglesias. Tes unha jeta. Inmoral. É increíble. Sobre todo falando de José Antonio. Como se pode ser tan inmoral.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Agora inmoral. Sentoume mal. Chámeme o que queira.

D. José Antonio Varela Quintela. Non quero entrar nun toma e daca. Igual foi da nota prensa e por iso a concelleira non se desculpou.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Aclarado. Voute chamar calvo. Engado o de inmoral . Inmoral e prepotente, cretino chulo é un insulto?..

D. Xosé Crespo Iglesias. Non se oe. Non son insultos. A parte persoal é increíble. Vostede é indigno como Alcalde deste pobo. Comigo a partir de hoxe Sr. Crespo, nada de Pepe.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Chulo... Non parece persoal.. O Alcalde é indigno. A ti, Crespo, nunca che deixei de chamar Pepe. Entre nós son cosas de..

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo e dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Votos en contra: dez (10), sendo (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) da APAC.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, **APROBOUSE a moción do seguinte tenor:**

Levo tempo vendo comportamentos e manifestacións dalgún traballador municipal bastante impertinentes, incluso indecentes, e en todo caso inaceptables por vir de traballadores da función pública que deben permanecer ao marxe da disputa política para garantir a obxectividade e a imparcialidade no exercicio das súas funcións. Así o recoñece o artigo 103 da Constitución Española que establece o principio de imparcialidade dos empregados públicos. A neutralidade política dos traballadores públicos debe ser un principio irrenunciabile en canto que os funcionarios deben permanecer imparciais ao debate político da administración onde traballan. Onde os funcionarios non son imparciais a administración corre o risco de converterse nunha administración ao servizo do poder. Por elo non se pode mirar para outro lado cando se observan comportamentos flagrantes por parte de algún traballador municipal que actúa presuntamente por afinidade aos políticos cos que simpatizan e faltan ao respecto ao resto.

Os reiterados ataques cos que me vén agasallando o axente de Igualdade, Celso Taboada, dentro do seu horario laboral (dirá que na hora do café) e en exercicio polo tanto das tarefas propias do seu traballo, foron a gota que colmou o vaso. Un comportamento intolerable que o alcalde non só permitiu e consentiu por omisión senón que ademais propiciou e fomentou ao dar credibilidade e publicidade a informes sesgados ou interpretacións sesgadas que se difundiron en prensa para atacarme, ocultando outros informes doutros funcionarios que me eran moito máis favorables.

Por se fora pouco, o señor alcalde pagoulle cuantiosas produtividades a este traballador, servidor de todos os veciños e veciñas de Lalín, incluso servidor meu, que para iso tamén son veciño de Lalín. Eu mesmo vivín esas disputas polas gratificacións chegando o funcionario a ameazar con deixar áreas de traballo.

Indignado como estou por esta situación intolerable, investiguei o que din as leis e atopei que hai motivos máis que sobrados para que se puidera abrir un expediente disciplinario contra este traballador.

O artigo 52 do EBEP (Estatuto Básico do Empregado Público) establece que os empregados públicos teñen que actuar de acordo a unha serie de principios no desempeño do seu traballo: obxectividade, neutralidade e imparcialidade. No artigo 53.1 dise «que os empregados públicos respectarán a Constitución e o resto das normas que integran o ordenamento xurídico» e inmediatamente volve a remarcar que a súa actuación se fundamentará en consideracións obxectivas «...orientadas cara a imparcialidade e o interese común ao marxe de calquera outro factor que exprese posicións persoais, familiares, corporativas, clientelares, ou cales queira outras que poidan colisionar con este principio». Considero que estes principios de imparcialidade, obxectividade e neutralidade puideron ser conculcados no Concello de Lalín en máis dunha ocasión, por algún ou algúns traballadores públicos máis preocupados de agradar a quen manda ou de ceder ás posibles presións, investigadas tamén, de quen goberna, que de salvagardar o que di a Constitución e a lexislación sobre o desenvolvemento da súa función pública.

Ademais de algúns informes emitidos ultimamente que semellan responder só

ao interese do desgobierno de Lalín, que actualmente é a representación dunha vontade política en minoría no pleno, por iso parece que o desgobierno usa estes informes para tapar as moitas deficiencias do nefasto desgobierno cuiñil, outros informes menos favorables escóndense e nos se lles da a mesma publicidade, ademais outros funcionarios teñen aconsellado e valorado argumentos que non gustaban ao desgobierno e polo tanto non se emitiron eses informes. Quede constancia que valoro positivamente o traballo da gran maioría dos funcionarios, non de todos.

Especialmente grave foi o ocorrido durante a celebración dun pleno do mes de decembro. Mentres eu interviña facendo uso dos meus dereitos como concelleiro para defender unha moción, un dos traballadores públicos municipais, o axente de Igualdade, Celso Taboada cargaba contra o concelleiro non adscrito nas redes sociais dun xeito intolerable e, por riba, en horario laboral, dirá que na hora do café, como se demostra con solo consultar a súa rede social. Xa non é a primeira vez, pero si que foi a gota que colmou o vaso. Este traballador, que en horario laboral, repito, en horario laboral, e presuntamente utilizando medios públicos (o ordenador do concello) dedicou a súa xornada laboral a escribir comentarios despectivos e insultantes contra un concelleiro. Empezou poñendo o 27 de decembro “A la peña se le va la pinza. Que asco”, que aclara con posterioridade cun “Xa saberás!”. E dous días despois, o día 29 de decembro, un novo post de Facebook, xa en horario laboral e mentres se celebraba o pleno, no que dicía “ASEGURADO: Se le va la pinza!!!. Necesita apoyo psicológico urgente. EL PERSONAJE ES IMPRESIONANTE”, e acompañou este post dunha captura de pantalla doutro post meu, co que non queda dúbida que eu era o aludido e polo tanto o afrentado. Por se fora pouco, minutos despois reforza o xa escrito cun novo comentario nese mesmo post no que me volve faltar ao respecto: “Háztelo mirar chaval. La misoginia mata!”. Estes comentarios con valoracións e acusacións son ademais de graves, inaceptables por vir dun traballador municipal e tendo en conta que as fai probablemente, mandei á policía local e é testigo de que alí estaba, en horario laboral, desde o posto de traballo e na propia oficina polo que pode entenderse que as fai na súa condición de axente de igualdade, e por tanto como funcionario público. Eu mesmo me levantei do pleno para demandar á policía local de se estaba traballando este suxeito e alí foron comprobalo, este policía local pode certificar que Celso Taboada estaba no seu posto de traballo.

Na celebración dese pleno, e ante a actitude dese traballador público, xa advertín que traería unha moción para poñer no seu sitio a Celso Taboada, porque o comportamento deste traballador é intolerable. Creo que é o meu deber esixir o cumprimento da legalidade a políticos e funcionarios, polo tanto véxome obrigado a investigar as actuacións de *Celso Taboada*, poida que sexa motivo para abrir expediente por uso persoal das redes sociais desde seu despacho, por unha presunta deixadez das súas funcións, por andar nas redes a perder o tempo en vez de traballar, e por unha presumible violación do seu deber de imparcialidade, obxectividade e neutralidade, pero ademais agrávase esta situación porque o señor alcalde e o señor tenente de alcalde foron consentidores deste comportamento, sendo moi sospeitoso que o tenente de alcalde teña delegada a materia de servicios sociais, departamento onde colabora o axente de Igualdade, e que curiosamente tamén forma parte do sindicato CSIF (investigaremos para ratificalo ou nolo desmintan en público) este sindicato defendeu a *Nico* en vez de poñerse ao lado do traballador denunciante por unhas acusacións que están sendo investigadas e ou foron investigadas pola Garda Civil e polo xuíz. Esta circunstancia fai sospeitar de que puidera haber un intercambio

de favores por afinidade, xa que ademais Celso Taboada recibiu algunha cuantiosa produtividade, e podo asegurar que por momentos ameazou con deixar áreas do seu traballo.

Vin á política para intentar corrixir as inxustizas e comportamentos que entendo que están mal, non vin a política a facer cartos, nin a facer amigos, acepto as consecuencias, o que non podo consentir baixo ningún concepto é que un funcionario desta casa pense que está por encima do ben e do mal, basta xa de que algúns se crean por encima doutros, un funcionario non pode pensar que posúe a competencia de etiquetar a un concelleiro como fixo Celso Taboada co concelleiro non adscrito, a sociedade debe camiñar cara a igualdade, esa que emana dos homes cando falan libres e sen aguantar as imposicións e manipulacións, doutros que se cren superiores; aguanteillo cando me fixo campaña de desprestixio na prensa tratándome de “violento (machista)” por dicirlle a *Celia Alonso* que é unha nefasta concelleira, que lle poñía (estampaba) as leis diante, repito diante das narices para que as lera. Ademais á vista do informe que me aportaron desde o servizo de igualdade cando investigaba sobre un informe escondido polo caso citado, “lle poñía as leis diante das narices”, confirmavos que dito informe aínda non apareceu... Penso que agora deben responder a se coñecen a existencia deste informe, *Celia Alonso*, o Sr. Alcalde e hasta ao mellor hasta o Sr. Secretario?, ou no mellor dos casos pedirle ao Sr. Secretario nesta moción que pregunte en todos e cada un dos departamentos deste Concello se existe o informe e me dea copia.

Non podo esquecer que *Celso Taboada* tamén fixo a vista gorda no caso de *Nico* en Vilatuxe (CUNHA MENOR, muller e menor) e do concelleiro dimitido do PSOE, *Hermida* por supostos abusos, non?, a pesar de que cargos do PSOE se pasaron directamente a defender ao denunciado sen vergoña ningunha e, intentando manipular á opinión pública e cargar contra a presunta abusada (xusto o contrario do que din defender as políticas sobre igualdade de xénero do PSOE), neste mesmo pleno teñen eses mesmos o morro de erixirse defensores dunha causa de polas mulleres que no día a día sembraron máis que dúbidas na súa coherencia para con elas, o meu máis profundo apoio ás mulleres, estes ben vistes que teñen peito para mentir e tapar os seus erros con calquera tema, tamén no que nos ocupa..

O Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:

Primeiro.- Solicitar ao Alcalde un informe do Secretario da Corporación sobre o proceder do Axente de Igualdade cos seus comentarios nas redes sociais sobre o concelleiro non adscrito os días 27 e 29 de decembro de 2017. Que o informe diga se eses comentarios realizados en horario laboral e dende o seu posto de traballo respectan os principios de imparcialidade, obxectividade e neutralidade que se lle supoñen a un traballador público e se ditos comentarios poden ser motivo e causa para a apertura dun expediente sancionador a dito traballador.

Segundo.- Solicítolle ao alcalde inste ao secretario a preguntar en todos e cada un dos departamentos deste Concello se existe o informe pedido polo goberno sobre o meu comportamento con *Celia Alonso* ao dicirlle que lle estamparía as lei diante das narices e polo que Celso Taboada me tratou de violento e de machista, e se me dea copia. Para tal efecto presento este texto por rexistro en forma de moción dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Lalín.

13.- EXPEDIENTE 990/2018. MOCIÓN POR URXENCIA DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO RELATIVA AO APROVEITAMENTO DE PRODUTOS ALIMENTARIOS E A CONCIENCIACIÓN CIDADÁ.-

A Presidencia deu conta da presente moción que se presenta por vía de urxencia, presentada no rexistro xeral o día 20 de febreiro de 2018 co número 117.

Sometida a votación ordinaria a urxencia da moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito **ACORDOUSE DITA URXENCIA.**

D. Juan José Cruz García. No noso día a día desperdiciáanse alimentos nos colexios. Vemos as veces que os supermercados tiran alimentos ao lixo. Non se debe quedar un impasible ante isto. Francia foi pioneira nisto. En 2016 empezaron a tramitar unha lei revolucionaria e hoxe o Estado obriga a non tirar os alimentos. Os non vendidos deben ser tratados e de algunha forma achegalos a entidades de caridade, ao banco alimentos.. Aos restaurantes se lles obriga a ter que preparar bolsas de comida e a non tirar, a reutilizar, con mascotas... Po r iso Francia foi galardonada, houbo eco en prensa por esa iniciativa interesante.

En España dependendo dos estudos non se utilizan 90 e 149 quilos de alimentos por persoa e ano. O proceso iniciouse unha localidade pequena. En pouco tempo o apoio foi increíble. Posteriormente houbo unha iniciativa de lei. En España non está regulado. Tratamos de dicir que non se tiren. Ás veces vese á xente vese botando os produtos para que non poidan ser comidos. A data caducidade hai que tela en conta porque ás veces non son reais. A Lei intenta definir como facer este tipo de procesos. Hai que sensibilizar á poboación e que se inste aos máximos organismos posibles, a que chegue ao Congreso, á FEGAMP e aos máximos estamentos posibles. A problemática é esaxerada. Vexo todos días unha persoa no busca contedores. En Lalín tamén. Hai que evitar isto na medida do posible de recorrer ás sobras. Leou o que pedía para que eleven a todos os concellos unha proposta como esta mellorada e consensuada. Pedimos o apoio de todo o grupo deste Pleno para, fixándonos no modelo francés, tentar arreglar a problemática.

Dª. Paz Perez Asorey. É unha tarefa difícil e ardua. É un tema prioritario, había que empezar a traballar nesa posibilidade, xa que os beneficios que poida reverter son transversais, desde os beneficios ao medio ambiente e a cubrir as necesidades de moitas familias que seguen a pasalo mal e precisan axudas. Hai que apoia-la moción, engadindo unha emenda co seguinte texto:

Iniciar campañas de sensibilidade e concienciación hacia colectivos ámbito escolar e negociar cos operadores de alimentación e cos produtores para canalizar os excedentes.

No Concello é certo que houbo moita participación e moita sensibilidade. Había franquicias alimenticias para que aqueles produtos perecedeiros e próximos a caducar fixeran entregas dos mesmos. Non sería difícil retomar esa liña cos operadores de alimentación. Imos apoiar iniciativa e somos conscientes de que había que ir poñendo as bases.

D. Nicolás González Casares. Algunha destas cousas xa se fan coas ONG locais. Algunhas son iniciativas interesantes. Na sociedade española e lalinense fíxose xa moito coa crise. Falta un regulamento e publicidade do que se fai. As organizacións de Lalín reciben froitas antes que caduquen e distribúenas. Moito se fai. Hai organizacións de produtores de leite que tamén o fan en Lalín.

D. Juan José Cruz García. Son coñecedor de que si hai produtores que o fan. Hai que reflexionar porque se tira moito. En produtos elaborados non é igual compartilos, cando con unha mínima sensatez é fácil de regular. Os nosos organismos teñen que estar coa xente para que conte con cursos de manipulación de alimentos, débese gastar diñeiro dos comedores, pode darse á competencia para dicir se é óptima ou non a comida para compartir e que unha persoa poda acreditar iso segundo a lei de competencia para dicir se está para uso ou non está. Igual podemos falar cos supermercados sobre os excedentes. Había que facer un regulamento para regular e canalizar este tema. Non imos saír da moción aínda que tamén se pode reflexionar sobre se é factible poder aproveitar as comidas nos comedores administrativos as comidas..

Sometida a votación ordinaria a moción e a emenda do grupo popular, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo e dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10), sendo (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, unha (1) do BNG e unha (1) da APAC.

Xa que logo, **APROBOUSE a moción do seguinte tenor:**

No noso día a día podemos observar como en colexios, hospitais, fundacións, residencias dá terceira idade, restaurantes, supermercados, etc, etc... se desperdician alimentos continuamente. Os supermercados rocían con lexivia alimentos nos contenedores para evitar sexan consumidos e gardan en almacéns para que sexan recollidos por camións de lixo. Podemos quedar impasibles?.

En febreiro de 2016 entrou en vigor en Francia unha lei revolucionaria. O Estado obriga aos supermercados a non tirar a comida non vendida, destinándoa a organizacións de caridade ou bancos de alimentos. Así mesmo, os restaurantes tamén están obrigados desde entón a preparar bolsas de comida sobranse para mascotas se así o requirían os clientes. Ano e medio máis tarde estas medidas tiveron premio. O país galo foi galardoado co primeiro posto no ránking de comida sustentable elaborado pola 'Economist Intelligence Unit' (EIU), o cal analiza 34 países en función de comida malgastada, agricultura que respecta o medio ambiente e nutrición de calidade.

Con todo, a pesar da evidencia contundente que as cifras mostran, (En España por exemplo desperdiciáanse entre 90 e 140 quilos de comida por persoa ao ano) o proceso para alcanzar esta lei foi arduo en Francia. Todo comezou coas peticións na pequena localidade Courbevoie, Arash Derambarsh (concelleiro) que levou a cabo unha enorme campaña para promover leis en contra do desperdicio. Desde Change.org e apoiado polo cineasta e actor Mathieu Kasovitz (A Haine), este político logrou levantar un enorme apoio en torno ao asunto.

Posteriormente, unha iniciativa de lei sería presentada á Asemblea Nacional

polo ex-ministro de Industrias Agroalimentarias, Guillaume Garot en decembro do ano pasado. O proxecto aprobouse e, finalmente, a lei entrou en vigor. A pesar do enorme logro cultural, político, ecolóxico e social que esta iniciativa representa, os activistas que a impulsaron esperan aínda poder seguir propagando consciencia ao redor do problema para que países cunha enorme produción e unha constante cultura do desperdicio –como Estados Unidos– comecen a discutir este tipo de leis.

A disposición que prohíbe aos supermercados tirar comida forma parte dunha lei máis ampla que tamén propón medidas para evitar desperdicios nos comedores infantís e ensinar aos nenos para reducir o malgasto de alimentos. Así mesmo, os parlamentarios están a debater acabar coas datas de caducidade nalgúns produtos que se caracterizan por ser imperecedoiros". A normativa prevé multas de ata 75.000 euros para os supermercados que destrúan deliberadamente os alimentos co fin de evitar que sexan recuperados polas persoas que os recollen dos colectores próximos ás tendas. Nos últimos anos creceu en Francia e tamén en España o número de familias, estudantes, desempregados e persoas sen fogar que se alimentan do recollido no lixo.

O Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:

Primeiro.- Instar á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) a que eleven a todos os concellos unha proposta de moción para que todas as entidades locais aproben en Pleno apoiar accións conxuntas para regular de modo similar a Francia o aproveitamento de produtos alimentarios e a concienciación cidadá, Instar ao goberno estatal a regular a situación presentando un proxecto de lei similar ao francés.

Segundo.- Iniciar desde o Concello de Lalín campañas de sensibilización e de concienciación cara colectivos do ámbito escolar e negociar cos operadores de alimentación e cos produtores para canalizar os excedentes.

14.- EXPEDIENTE 1058/2018. MOCIÓN POR URXENCIA DO PP SOLICITANDO UNHA DISCRIMINACIÓN POSITIVA A VECIÑOS, ENTIDADES, COLECTIVOS, INVESTIGADORES E CONCELLOS DA COMARCA DE DEZA NOS SERVIZOS QUE SE PRESTAN NO CENTRO DE XESTIÓN DA CULTURA ARQUEOLÓXICA DO PAZO DE LIÑARES.-

A Presidencia deu conta da presente moción que se presenta por vía de urxencia, presentada no rexistro xeral o día 23/02/2018 co número 1344.

Sometida a votación ordinaria a urxencia da moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito **ACORDOUSE DITA URXENCIA.**

D. Xosé Crespo Iglesias. Leou, o primeiro e o segundo punto da moción. En definitiva: Se o levan a Pleno da Deputación sen autorización do Concello, eles teñen dúbidas sobre isto. A propiedade é do Concello. Se o poden facer, debían consultar a

esta casa e o Concello opoñerse. Logo que veñan con outra proposta, cando menos para que non paguen os desta comarca. Eu podo entender que ese centro foi concibido para a comarca e logo no ámbito provincial e autonómico. Podo entender que se cobre aos de fora do Deza, aínda que os fondos son de Depodeza, e os de fora de Pontevedra non teñan discriminación positiva. Como mínimo, entendo que os de Lalín e comarca deben quedar fora. Os fondos do programa son os que son. Quere que queden sen efecto e a proposta farana cando saiban o que fixeron. Había que facer unha discriminación positiva, ou ben cun prezo especial para os de Deza ou como mínimo que non lle cobren.

D. Nicolás González Casares. En canto aos fondos Feder, é certo que foi financiado. Hai que miralo ben porque cando se deseñan eses fondos e liñas, moitas veces vai unha ordenanza cun retorno dos cartos. Por exemplo nas vivendas do Manuel Rivero, hai que especificar si hai retorno ou no para ter o ok da Unión Europea. Pode ser; en segundo lugar, coa ordenanza teñen un mes para facer alegacións. Non sairemos mal parados por este tema, aparte doutras iniciativas.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Bo día. Imos votar a favor da moción, porque aínda que non nas formas, no fondo coincidimos co que se di. Non parece ter afán recadatorio. Vostede coñece a capacidade recadatoria da Deputación Provincial. A recadación será insignificante, pero o efecto disuasorio fará que perda atractivo a localización e o centro. Había que situar aí o problema. Nos estamos mirando o convenio dende que se nos informou. Si valoraremos no seu momento presentar alegacións ao prezo público que se acorde. O Pazo de Liñares é de propiedade municipal. Desagrádalle a este goberno o anterior convenio e como se conseguiu. Tampouco será sospeitoso este goberno de non poñelo en valor. Pero o convenio condiciona moitísimo. Fíxose cando non había capacidade orzamentaria e para sacar o proxecto adiante. Agora distorsiona enormemente o uso do Pazo Liñares, o que fai perder enorme soberanía sobre o mesmo, e da como resultado esta situación. Non se daría, se non o houbera. Permítanme: son políticas que demostran que en 2017, sobre 2016, houbo un aumento do 37 % dos visitantes ao dito Pazo, algo que non é casual. Medidas como esta non axudan a que se siga na liña ascendente. Entendemos que necesita outras políticas contrarias a esta. Nós temos unha aposta decidida por esta xoia de Lalín, a través dos plans de persoal da Deputación, que fai que fagan visitas guiadas no propio Pazo gratuítas. Outra aposta maior sería a difusión e atractivo a maiores, xa individuais ou en grupo. Colisiona coa liña?. Imos apoiar a moción. O prezo público é dentro dun contexto global, con todas as instalacións deste tipo. Non estamos de acordo porque non aporta nada. Non quere recadar, so ten afán disuasorio. De facer diferencias: cales serían por exemplo para un xubilado? Por distinto prezo? Elo dependerá da pensión que reciba, xa que non é igual percibir a mínima que a máxima. Non é equitativa.

D. Xosé Crespo Iglesias. Escoitado o que dixo o goberno, reprocho ao goberno que ou ben pasou do tema ou ben non se enterou. En ambos casos é grave. Esperamos onte á tarde ata hoxe no Pleno. O PP da Deputación nos consultou. O goberno non deu unha opinión. Como non dixeron nada, traemos a moción. Non estamos de acordo coa Deputación. Se non se enteraron, era grave, porque non os ten en conta; ou ben caladiños. Ten efecto disuasorio. De acordo con Vilariño, o fin é recadar pouco. Contáronme un caso en que analizar as pezas valería 2000 euros. Non confirmado. Era o tema do Castro Doade como prezo público. Nos alegaremos. Non sabe si se establece un retorno. Pode ser. Pero non é vital para a Deputación. Ao

mellor permiten cobrar.

D. Nicolás González Casares. Unha puntualización técnica: a xestión de fondos Feder.

D. Xosé Crespo Iglesias. No convenio asinado colléronse fondos Feder, da e da Fundación Cámaras Comercio a nivel nacional, que aportou o 80 %. Ao mellor hai que facer un retorno. Pido igual trato que ten Pontevedra co Museo. Alí Depodeza fixo un investimento máis que en Liñares. Non me pareceu ben. Dos cinco millóns de Depodeza, un millón foron ao Museo, e non se incrementaron por iso as visitas ao Museo. Dos cinco edificios, un edificio e de Depodeza. Non vin que se incrementara nada o prezo por ese motivo. A Pontevedra e a nos o mesmo. Terá efecto disuasorio. Ámbito normal. Os achádegos no Deza son prioridade e de oficio deberan estudarse. Traemos isto aquí. Pasou igual con Mouriscade, no que os gandeiros de Pontevedra están exentos de moitas taxas pola presión que se fixo. Está ben que veña a Presidenta no Cocido e que ignoren á Xunta, ben. Pero de pasta nada. Tamén algún pan ten que traer baixo o brazo. Hai un ano fixeron unha foto Cocido no Auditorio, que está como estaba. Está ben vir a lucir o palmito a Presidenta. Está no seu dereito. Pero esíxanlle trigo, non só predicación. Esta é unha afrenta a Lalín e ao Deza, un ninguneo ao Concello. Non pode ser non esixirlle nada. Por respecto institucional tiñan que chamalos e pedirilles á súa opinión. Se vos chamaron ou non.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. É curioso. Pon o grito no ceo porque non sabemos negociar e se estamos negociando, facémolo mal tamén. Digan cal e o seu criterio. Desde que o coñecemos e falamos da cuestión, houbo preocupación e amosamos a postura. Nos dicimos o que opinamos, governe quen governe. Pleno tras Pleno as mocións apróbanse votos a favor do goberno independente da cor política. Vostede non o poden dicir. Nos cidadáns enriba cor política. Remontarnos aos exemplos que queiran. Por aí non. Igual que en deportes esixindo a outras administracións, posturas distintas. Non compartimos isto, dicimos abertamente. Traballando nisto. Atados por convenio que non asinamos. Non somos partícipes da ordenanza.

D. Xosé Crespo Iglesias. Fostes informados e non dixestes nada.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Si dixeramos a nosa postura, dirían que non saben negociar. Estamos nunha cuestión distinta. A postura a mesma agora que hai un mes. Dicímolo publicamente. Esta é unha diferenza substancial con outros gobernos. Non votamos sistematicamente as mocións cando tocaban as administracións súas. Para nós existen os intereses dos veciño. A medida é desproporcionada e simbólica. Ten un impacto mínimo, pero non a compartimos e non o é boa.

D. Xosé Crespo Iglesias. Fan da necesidade virtude. Apróbanse mocións independentemente da cor política porque non lles queda máis remedio, porque son minoría. Quería eu ver se se aprobaban moitas mocións, se non estivesen nesa situación. Coñecémonos todos. Súbense ao carro, porque non hai outra opción. Nos faríamos o mesmo, se estuveramos en minoría.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Con maioría facíamos o mesmo.

D. Xosé Crespo Iglesias. Fan da necesidade virtude. Informados non estaban do acordo e non dixeron nada. A min se se me informa da repercusión no inmoible de Lalín, algo dixon, por carta ou por acordo Xunta de Goberno, por decreto ou fago algo, aos medios de comunicacións. Taparíanos a boca. Remato e digo a Nicolás, que coído que non hai cláusulas de retorno.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Se miramos as actas dos primeiros Plenos, con maioría aprobados mocións de récord en Lalín, votacións acta. Dicían vostedes que facían ben a oposición. Non taparía isto.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **aprobouse a moción do seguinte tenor:**

O 23 de marzo de 2017 inaugurábase oficialmente, e cun máis que notable atraso, o Centro de Xestión da Cultura Arqueolóxica do Pazo de Liñares. Un proxecto pioneiro en Galicia desenvolvido polo goberno do Partido Popular na Deputación de Pontevedra e no Concello de Lalín ao abeiro do Plan Depodeza que contaba cun 20% de financiamento do organismo provincial e un 80% de fondos correspondentes ás axudas FEDER. Un proxecto, como todos os incorporados neste plan e que obtiveron o indiscutible apoio da Unión Europea, que pretendía por en valor, recompilar, estudar e difundir os valores culturais, gastronómicos, etnográficos e históricos da comarca de Deza.

Como todos os proxectos do Plan Depodeza, o Centro de estudo castrexo encadrado no Pazo de Liñares, e ocupando case a metade do espazo útil deste edificio propiedade do Concello de Lalín, arrancou inicialmente ca intención de servir de centro de estudo da cultura castrexa na comarca de Deza, aínda que co foco tamén no resto da provincia, ao ser os concellos que a forman o obxectivo prioritario e único deses fondos europeos.

O pasado mes de novembro, nunha das visitas formalizadas pola presidenta da Deputación, anunciaba a apertura do CXCA a estudosos nacionais e internacionais, mediante a creación dun acordo regulador e un prezo público do uso da instalacións. Un sistema que lonxe de pretender dinamizar o uso dunha instalación deseñada e posta en marcha con fondos europeo para o coñecemento e difusión da cultura castrexa, pretendía, como se demostra hoxe en día, obter un retorno económico para resultar o menos gravoso posible a un goberno provincial máis preocupado de non facer investimentos no interior que de facer funcionar a instalacións a pleno rendemento. Opcións como a sinatura de convenios, acordos cos investigadores ou entidades, etc, semellan que serían as opcións máis acaídas para dinamizar o estudo e as visitas ao centro que a opción de facer pasar por caixa como acaba de decidir o organismo provincial.

Nos pasados días, o goberno de Carmela Silva para a súa aprobación en sede plenaria provincial un “Acordo regulador de prezo público de determinados servizos que se prestan no Centro Provincial de Xestións do Coñecemento Arqueolóxico” que contempla unha serie de eivas que, moi probablemente, chocan directamente co espírito co que foi creado e deselado o programa Depodeza: e o que é máis

importante, difiren dos obxectivos cos que foron aportados eses fondos pola Unión Europea.

Aparte de erros e algunhas cuestións de dubidosa interpretación legal, dificilmente se pode entender que neste Ordenanza Reguladora do funcionamento do CXCA do Pazo de Liñares non haxa unha discriminación positiva para veciños, estudosos, empresas, entidades, colectivos e mesmo concellos da comarca de Deza: cando precisamente os fondos europeos cos que se puxo en marcha, cercanos aos cinco millóns de euros, foron aportados para un programa con estes concellos como obxectivo prioritario.

Dificilmente sería entendible que unha entidade, un colectivo ou ata un Concello, como calquera dos da comarca programase unha visita ao CXCA, e tivese que abonar unha cantidade, cando ese centro tivo como obxecto o estudo, coñecemento e difusión da cultura desa mesma zona e os fondos se dedicaron para ela. Ou tamén sería paradigmático que un centro que naceu para o estudo, catalogación e difusión da cultura castrexa na comarca de Deza, cobrase, por poñer un exemplo, por estudar achádegos como os desenterrados nun xacemento como o que se está a estudar en Doade. Dúas cuestións que, tal e como está a ordenanza, quedarían en evidencia.

Discriminación positiva que si se artellou, por parte dos gobernos anteriores na Xunta e no Concello, noutras instalacións e servizos do organismo provincial como os do Laboratorio de Mouriscade, onde se mantén un amplo catálogo de servizos gratuítos aos gandeiros e cooperativas da provincia de Pontevedra, pese a que realizan traballos para toda España e fora de ela que si son remunerados na súa totalidade.

Cunha interpretación aínda máis ampla do emprego de fondos como os Feder, nos que ten que manterse durante cinco anos as actividades para os que foron aportados, e tendo como obxectivo primordial o estudo, catalogación e a difusión, semella contradictorio que apenas un ano despois da súa inauguración xa se pretenda cobrar a visitantes guiados, investigadores, etc; cando o fin último deste centro e o ensinar ao mundo as bondades arqueolóxicas da nosa comarca e servir de centro de estudo do que fixeron os nosos antepasados. A condición de difusión e de investigación abertas queda coartada coa posta en marcha dun servizo de pagamentos que está claro que persegue unha recadación de fondos e non un maior dinamismo difusor e investigador das potencialidades da nosa zona e mesmo de Pontevedra.

Tendo en conta o antedito, considerando que se están a conculcar unha parte importante dos obxectivos que se perseguían co Plan Depodeza, sen entrar a valorar posibles dúbidas legais sobre prezos públicos nunha instalación financiada no 80% con fondos europeos antes de pasados os 5 anos de actividade marcados pola convocatoria, e considerando que o Concello de Lalín e os seus veciños, como propietarios do Pazo de Liñares, é polo que se presenta a moción.

O Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:

Instar á Deputación de Pontevedra a que, no caso de terse aprobado, deixe sen efecto a Ordenanza Reguladora do funcionamento do Centro de Xestión da

Cultura Arqueolóxica situado no Pazo de Liñares polos argumentos antes expostos.

15.- EXPEDIENTE 988/2018. ROGOS E PREGUNTAS. PLENO 23 02 2018.-

PP.-

D. José Antonio Varela Quintela.

1.- PREGUNTA.- Na última semana a visita que fixo as parroquias de Palmou e Castro Cabras, houbo unha fotos na prensa. Cal foi o motivo para non avisar ao pedáneo de Palmou?.

D. Rafael Cuíña Aparicio. *Moi fácil. Son Alcalde vou onde me da a gana. Non ía a Palmou; ía a Cercio á ver a pista ao Arnego. Vin a varios veciños, parei e falei con eles. Entenderá que non teño que dar explicacións.*

2.- PREGUNTA.- É unha práctica habitual visitar parroquias e non invitar aos pedáneos dos que tanto presume?.

D. Rafael Cuíña Aparicio. *Se é o que como lle digo, si. O mesmo.*

3.- PREGUNTA.- Cal é o criterio para invitar aos pedáneos?.

D. Rafael Cuíña Aparicio. *Tamén lle digo que tiven pedáneo no meu despacho falando. Si lle interesa.*

Dª. María José Senande

1.- PREGUNTA.- Por decreto contratouse por 4.114 € o deseño da imaxe corporativa Dusy. Entendemos que ten que haber unha imaxe propia, pero: non considera excesivo gastar máis de 4.000 e para este cometido?

D. Nicolás González Casares. *Eu pídlle presuposto a un profesional. Miro os prezos e a outros sitios de Galicia, como As Neves. O que lle dan. Non discute. Sabe que a identidade non é só un logo. É un deseño que vai en todos os carteis de Lalín Suma21, en todos os papeis cos logos, e deseños nas que van as imaxes, mesmo nas nemes, gráficas. Todo iso ten que ir especificado. Contrátase a unha persoa, pero están varias traballando e non durará unha semana ou un mes; durará moito máis.*

2.- PREGUNTA.- Non hai outra empresa que o faga por un prezo inferior?. Non sabe se sui publicou esta licitación?.

D. Nicolás González Casares. *Non. De feito, non hai que publicitar. Hai un acordo do Pleno que esixe a partir dos 6000 € pedir tres ofertas. Aquí como non chegaba e non se pediron máis. É un profesional de Lalín; as veces vos preguntades se é de Lalín; é o máis reputado neste eido.*

3.- PREGUNTA.- Non pediron entón máis presupostos?.

D. Nicolás González Casares. *Non. Este era de Lalín e seguramente é o máis*

competente e o máis reputado en imaxes identificativas e corporativas de Galicia.

D^a. Raquel Lorenzo Fernández.

1.- PREGUNTA.- Hai un deterioro segundo a prensa na depuradora de Zobra, que é o único investimento. Que explicación ten o estado actual da depuradora?

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

2.- PREGUNTA.- Que medidas van tomar, cantos cartos van investir ata estar operativa, entende que o PP: tiña razón non ten sentido facer depuradora sen sistema de canalización e a día de hoxe sen limitación. A que se debe o atraso en Zobra sen alcantarillado?.

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

D^a. Eva Montoto Méndez.

Dirixidas a Miguel Ángel Medela Dobarro.

1.- PREGUNTA.- Recibiu sinaturas en relación coa concentración parcelaria de Losón?. Cantas asignacións recibiron?. Pregunto se as recibiron e que porcentaxe de propietarios corresponderían?. Sabe vostede que parte deses veciños se senten desatendidos e desinformados?.

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

ROGO.- Queremos pedirlle que medien con eles e que lles informen sexa cal sexa a determinación para que non se sintan desatendidos polo goberno municipal. A que veñen esas declaracións na prensa?.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. É cousa da Xunta.

D. Xosé Crespo Iglesias. Vas meter a pata. Déixalle.

Miguel Ángel Medela Dobarro. É para pedilo nos núcleos rurais. Non metín a pata.

D. Rafael Cuíña Aparicio. É curioso. Leva 24 anos.

D^a. Eva Monto Méndez. Desde que se asinou non. Leva mais tempo se contamos desde outros trámites.

D. Rafael Cuíña Aparicio. É curioso que a unha persoa vinculada a esa zona non lle chame a atención este tema despois de tantos anos. Dicirlle que ao goberno de Lalín lle sorprende moito a actitude Xunta de Galicia, porque cando veñen nunca lles avisan. Medela: avísame se digo algo incorrecto.

Comentarios de Xosé Crespo Iglesias e de D. Nicolás González Casares. Non se escoitan.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Ese expediente de concentración leva xa 24 anos. Sorprende a actuación da Xunta de Galicia. Eva é a primeira afectada. A mellor defensa e un bo ataque. Sorprende que un tema que leva décadas afectan veciños, que saben e que ocasiona irritación e problemas entre os veciños, cada vez que veñen non se nos da ningunha información. A Xunta de Galicia saberá. Esixo que vaia rematando xa esta concentración. Afecta a moita xente.

D^a. Eva Monto Méndez. De acordo. A maiores dixo, afecta a núcleos. Non se trata de meter e solicitalo, senón de que os veciños estean atendidos e con respostas.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Houbo unha decisión en cada zona. Decidiron os veciños. Uns entraron e outros acordaron non entrar. Non se ía impoñer desde o goberno o contrario do que decidiron os veciños. Sabe que os veciños viñeron a min. Saíu o que saíu nas votacións. A nós dábanos igual.

D. Miguel Ángel Medela Dobarro. Eu fun alí. En Losón quedaron en que non.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Pura lóxica. Que máis nos dá a nós.

D. Miguel Ángel Medela Dobarro. É un veciño quen arma todo o jaleo, que foi o que trouxo as firmas.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Que mas nos daba a nós que o resultado da votación fose nun sentido ou noutro.

D^a. Eva Monto Méndez. Se podedes e tedes a ben, informades aos veciños de por que realmente non se fai. As firmas entregáronse a posteriori. Mentres están en prazo.....

D. Rafael Cuíña Aparicio. Fagámolo doutro xeito. As firmas entregáronse a posteriori. Aínda así, non hai problema, que se volva a votar. Pola nosa banda, imos facer esa nova reunión.

D. Miguel Ángel Medela Dobarro. Falei con Antonio Crespo e díxome que estabamos fora de prazo. O prazo foi moi breve.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Xa está. Imos facer o que pides.

D. Xosé Crespo Iglesias. Centrémonos no edil super delegado?

D. Nicolás González Casares. Levan 24 anos coa parcelaria.

D. Rafael Cuíña Aparicio. É un tema de décadas. Afecta a moitas persoas. Houbo mutacións e outros problemas. O Concello de Lalín respectou as acordos dos veciños dos núcleos. O problema non está aí, senón na Xunta de Galicia. Esixe rematar xa este expediente.

D^a. Eva Monto Méndez. Solicítárono ou non?.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Houbo votación é na dirección de que non entrou. Votaron e eles respectan os acordos adoptados en cada núcleo. Non ían impoñer nada. Son os veciños os que deciden. As votacións son o que son.

D. Miguel Ángel Medela Dobarro. Eu declároo.

D. Xosé Crespo Iglesias. Que queda menos tempo.

D. Miguel Ángel Medela Dobarro. Que va. Si o compromiso é facer iso mesmo.

D. Miguel Ángel Medela Dobarro. Pero Antonio Crespo dixo que xa estabamos fora de prazo.

D. Rafael Cuíña Aparicio. De acordo.

D^a. Paz Pérez Asorey .

1.- PREGUNTA.-Como está o tema do profesorado de trompa e de trompeta?, Desde o mes de xaneiro en que se falou, quedan catro meses de curso, e a situación está igual.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Estamos traballando coa Deputación de Pontevedra. Lembra que hai un Concello en concreto o de Betanzos no que a Alcaldesa de boa fe levantou o reparo e está no Xulgado no banquillo. Nós temos a mellor intención.

2.- PREGUNTA.- Quedan xa poucos meses?.

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

D. Xosé Crespo Iglesias.

Nin dixeron nada da depuradora de Zobra. Iso xenera desconfianza. Xa veremos. O que dixo o xornal é preocupante.

1.- ROGO.- Había que diferenciar na contenda política o tema persoal do político, e abandonar as actitudes chulescas, rastreira, e iso dos menosprecios se seguen vivindo, recomendar lecturas, ti mesmo podes velo, para desacreditar ás persoas. Había que diferenciar entre eses aspectos.

Pois hai que revisar as contestacións ás preguntas e o demais. Presume o Alcalde de que el non insulta aos demais. Digo eu que, aínda que eu empregue a palabra marrulleiro en política, non lle estou chamando nada, aínda que vostede o deduza. No debate político, igual o que agrede e o que as leve Parece que ten a pel fina e iso non é de recibo. Cando un da un golpe a outro ten que esperar algo proporcional ou mesmo superior. Non presuma de que non insulta a ningún. Seguramente sexa vostede quen máis insultou neste mandato.

Hai moitas formas de insultar. Se eu digo: é un cabestro, está claro. Pero tamén cando se di: lee un libro, chámalles analfabeto funcional. Eu non lle chamei analfabeto funcional. Non, sacouse a frase fora do contexto. Non o sei. Deberá informarse ben, simplemente cando dixo que debía comparecer, contestei que a oposición non podía comparecer.

D. Rafael Cuíña Aparicio. *Estou de acordo contigo. Aos concelleiros da oposición recomendoulles a lectura.*

Eu non lle dixen que tiñan que comparecer; dixen que debería comparecer quen o fixeron, que son os que agora están na oposición. Tampouco dixeron vostede que era un chulo o Alcalde?.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non teña a pel tan fina. Non aclare. A situación é unha. A pel fina témola os dous. Aquí é outra cousa.

D. Rafael Cuíña Aparicio. *Subscribe iso de chulo e prepotente?.*

D. Xosé Crespo Iglesias. Non teña a pel tan fina. Se eu lle atopo nas escaleiras hacia arriba e lle chamo chulo e prepotente é totalmente distinto que se o chamo aquí.

D. Rafael Cuíña Aparicio. *Os dous temos a pel fina. Os dous. O meu pai dicía que tiña a pel de elefante. Vostede tena fina.*

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu teño a dun sapo. Cando ataco a súa xestión non o tomo a mal. Non é de recibo sacar temas persoais.

2.- ROGO.- Tendo en conta que a Alcalde ten a opción fácil de adquirir os terreos, e que os temos fácil como é o caso dos terreos do CAR, que xa temos os terreos. Por convenios ou por expropiación, por maioría mutuo acordo poden adquirirse. Hai un Plan Parcial e hai que acometer unha inversión cara ao futuro e rentabilizar.

Hai que contar cos terreos das pistas de atletismo e campos fútbol, baixo Lalín Arena para logo presentar a pista de atletismo na parte abaixo do Lalín Arena. Hai que adquirilos cunha fórmula fácil, conveniando e creando unha bolsa de solo algún día, aínda que sexa a medio prazo Se desenroláramos a circunvalación, teríamos un patrimonio municipal do solo. Pode tamén expropiarse de mutuo acordo. Preséntaa como suxerencia.

D. Nicolás González Casares. *Ese espazo e a circunvalación son sistemas xerais e si hai que facelo.*

D. Xosé Crespo Iglesias. Falta por facer unha parte da rotonda e ata a de arriba.

D. Nicolás González Casares. *Eu non estou de acordo. Hai outras prioridades. No medio desa vía coa circunvalación existen previstos uns sistemas xerais e tamén habería que adquirir eses terreos e desenrolar. Considera que é unha obra pendente, pero tamén hai outras antes.*

3.- ROGO.- Esta ben que o grupo de goberno vote a favor das mocións que

presentamos a oposición, pero tamén habería que executar algúns dos acordos xa tomados. Están ignoradas desde hai tres anos. Non fan caso a nada. Danos igual que voten a favor ou que non. Preferimos que votasen a favor, pero é mellor que as fagan.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

1.- **PREGUNTA.-** Foron invitados ao acto de homenaxe. Por que o outro día na entrega do premo na parroquia de A Xesta avisárousenos con 24 horas e os actos foron ás 17 horas?

Contestamos ao aviso ás 11,30 horas, cando por exemplo aos veciños se lles notificou sete días antes? Contestei, pero é unha falta de respecto institucional coa oposición esta actuación?.

D. Rafael Cuíña Aparicio. *Reitera que son trinta horas e corenta e cinco.*

D. Xosé Crespo Iglesias. Mandaron o aviso ás once e trinta onte. Eu teño unha axenda complicada. É unha falta de respecto chamar con tan pouco tempo ás 11,30 horas e menos 5 tarde. Coido que vostedes non querían ou esperaban que non viaamos.

D. Rafael Cuíña Aparicio. *Chamei ás 11,05 e contestaches ás 23,5, é dicir con 30 horas no medio.*

D. Xosé Crespo Iglesias. Recibino ás 11,30 horas e contestei once noite. Eu recibo diariamente máis de cen chamadas. Entón teño que mirar cada 24 horas. Non hai tempo para asistir porque non me entero a tempo. Ten algo que ver coa nosa presenza? Entende o Alcalde que é de recibo. Vai dicir que si Non entende por que se lle convida con tanta premura?. Desde cando esta previsto este acto?.

Cal é a razón para non invitar, xa que coidamos que ten que haber un respecto institucional e a e os veciños lles avisaron 7 días antes, aos pedáneos e colectivos antes. Por que non se lles convidou ao mesmo tempo?. Non lle parece que non é de recibo, por respecto institucional, que se lles invite o día anterior?.

Se non fose mal pensado, o feito de invitarnos a véspera, é para que non viaamos. Dálle os tarjetóns con sete días de antelación aos veciños e a nós, a véspera. Parece que o goberno non quere que viaamos.

Rafael Cuíña Aparicio. *Non. É curioso que non foran á Xesta, e que tampouco estiveran nos mesmos actos avisándolles con trinta horas de antelación, xa que non foron a Zobra, Soutolongo e foron convidados con tempo? Ou chovía?*

D. Xosé Crespo Iglesias. Normalmente fainos sempre igual. A uns o luns con antelación e a outros na véspera. Non é normal. Eu preguntei aos veciños e a eles avisárouselles con sete días e ao xefe da oposición ao que se debe respecto institución con 24 horas.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Entendedes o que queredes. De todos os xeitos levades varios anos facendo o mesmo, non acudindo nin a Soutolongo nin a Zobra. Agora sorprende que digan que queren ir. *É evidente que non querían estar alí. Coinciden demasiados anos. Tres anos facendo o mesmo.*

D. Xosé Crespo Iglesias. Non ten nada que ver. Coida que hai un respecto institucional que como Corporación hai que observar.

Cando eu gobernaba non me preocupaba que a oposición non fose a estes actos. Eu invitaba sempre á oposición. Ían ou non ían nunca, e nunca había represión. Eu podía entender os motivos por política. Pero nunca na véspera lles invitei.

Nós protestamos. Vostede ten a deschafatez de dicirlle aos veciños que non estabamos por alí.

D. Rafael Cuíña Aparicio. *Que non se lles vía por alí. Non se lles vía. Por alí. Vostede nunca foron.*

D. Xosé Crespo Iglesias. Estamos no noso dereito.

2.- PREGUNTA.- Cal é o motivo polo que o sábado do Cocido se convocase á Alcaldesa de Escaldes d'Engordany ás 11 horas aos actos e aos membros do goberno ás 11,30. A esa hora inicial, ás 11, xa estaba a Alcaldesa, pero non estaba vostede nin ninguén do goberno. Por que se lle avisouse ás 11 horas se non eran os actos ata as 11,30? É unha falta de respecto institucional. Houbo cambio de hora.....?

D. Rafael Cuíña Aparicio. *Estou alucinado coa prensa. Leo eu e convoco á Alcaldesa ás 11. Eu son puntual. Non sabe exactamente o que pasou. Puido haberen, diferencias entre o que se mandou e o que se recibiu. Non o sabe. Menuda afrenta, eh! Vostede entre as súas virtudes non conta coa de ser puntual. Eu si. O tema é de media hora máis.*

D. Xosé Crespo Iglesias. Cumpre facelo con máis tempo e ser máis respectuoso, aínda que sexa puntual.

D. Rafael Cuíña Aparicio. *Non sabe o que pasou Non houbo mala fé. Díxoo en público. Antes dixo que rompía comigo, Sr. Crespo, neste Pleno. Tendo en conta que a vida é moi longa, que compartimos o 90 % en momentos moi duros. Precisamente por iso, convídolle a que isto non nos leve máis alá. A vida é longa e dentro dez anos, podemos estar noutra situación da nosa vida política, e xa que se coñecen, coida que non deben ir máis alá. A relación persoal debe estar por enriba da merda da política.*

D. Xosé Crespo Iglesias. Saiba vostede que en calquera relación o gobernante ten facultades máis que a oposición e debe ter unha relación máis fluída. Sempre era así. Era un feo da oposición non acudir, un feo, que non me gustaba, pero eu non afeaba a súa conduta.

D. Rafael Cuíña Aparicio. *Eu mostrou as miñas desculpas polos exabruptos que puidese emitir na vida política. Para o que ven despois hai que manda ou esperar. Informades case ao final do Entroido deste tema e non antes. En psicoloxía fan facer preguntas.*

Edil Non adscrito. D. Juan José Cruz García.

1.- ROGO.- As respostas e as preguntas que se fan ao alcalde son unha tomadura pelo. Escaneado á prensa, este papel demostra que o Alcalde non sabe ler, ou me toma como se fose parvo, ou non sabe ler. Vaia diante dun xuíz. Está perdido.

Pídlle por favor que me dea 30.000 se gaño eu para doalo. Defenestrouse só. Hai que tomalo con espectáculo e humor. Una pregunta. Utiliza a conxunción copulativa como nexo de unión de cousas iguais. A unha pregunta de si Responde vai pedir a Celia Alonso responsabilidades xa.

1. O Sr. Alcalde viuse obrigado a recoñecer responsabilidades?. Responde Non. Ou vai esperar a que as augas se calmen?. Non.

3. Vai pedir a dimisión?. Escribe o contrario do que quere dicir. Vaile pedir a dimisión a Celia Alonso?. Sen embargo ten a osadía de dicir o que non dixen eu, algo que xa demostre con *Manuel Iglesias e Chus Pato*. O Alcalde non entende o turno de rogos e preguntas. Deixareino para as redes sociais.

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

2.- ROGO.- Tómese as molestias en contestar. Moléstalle que lle pregunte sobre ACCIONA.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

1.- PREGUNTAS.- Queredes que pida a comparecencia de *Cuíña* para que responda sobre ACCIONA no Pleno?.

Queredes iso?

Xogades rirse dos lalinenses?

De min?

Non fostes capaces?.

Xogades rirse lalinenses?

Bótalle aos técnicos o Alcalde a culpa da situación da LAT?.

Por que fai política deste tema?

Canto custaría o soterramento LAT?

O Alcalde bota a culpa dos políticos aos técnicos e á prensa. Escanearei e mandareino. Sei que non lle gusta Cruz, e o entende, pero eu estou acabando con vostede. É ingrato. Se fora boa persoa, gañaba eleccións vindeiras. Temos que xestionar a nosa relación. Terá 1000 votos menos. Aposta un churrasco? Estará sobre os 2000 votos. A ver se me da os 30.000 € e xa chos darei eu para o churrasco.

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

2.- PREGUNTA.-Van multar a alguén por ter aparcado o coche na Praza da Igrexa, multar ese coche, como o da familia no enterro do seu pai?

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

3.- PREGUNTAS.- Existe expediente ou existiu para demandar os permisos para a queima no Entroido do Audi oficial? Algún permiso? Houbo tramitación do expediente?. Pódese facer a queima do espazo público sen permiso? De existir a tramitación e o permiso: quen pediu e quen o tramitou? Que asociación? Cumpriuse normativa vixente local en queima de fogueiras?.

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

4.- PREGUNTA.- Temos que mellorar a nosa relación persoal. O que digo é

toda a verdade. Ti de min, mentira. Así é o que pasa. Celso Taboada pediu unha gratificación, suplementos ou produtividades e mesmo chegou a afirmarlle ao alcalde que tiña demasiado traballo e competencias e consideraba que non estaban ben pago e deixar a Concellería de Xuventude? Considerou estas valoracións como unha ameaza de Celso Taboada?

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

5.- PREGUNTA.- A familia de Carlos Alberto Collazo e Calvo Ulloa son amigos de Rafael Cuiña e se son amigos de Nicolás?

Nicolás González Casares. Si.

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

6.- PREGUNTA.- En relación con Acciona. Pídeme un asesor, o seu avogado. Non che vou dar o teléfono. Vas gastar 1.200-1500 € nun teléfono que vale 100 €?.

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

7.- PREGUNTA.- Como é que non se presentou ningunha empresa máis ao concurso?.

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

8.- PREGUNTA.- ¿Como é que non se presentou ningunha de Lalín?

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

9.- PREGUNTA.- Contactaron co empresario porque non se presentaron?

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

10.- PREGUNTA.- Como e que só se presentou emprega forma parte asociación que forma parte da Asociación que denunciou o proceso de contratación?

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

11.- PREGUNTA.- Non lles parece raro que en plena crise, só unha empresa se presente a este procedemento aberto? Impórtanlle ao asesor. Eu son representante do pobo de Lalín. Ti non presentaches ás respostas.

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

12.- PREGUNTA.- Quero saber canto custaron os plenos extraordinarios nos que se abordou o tema da caldeira de Vilatuxe e ENIL? Coa miña parte destas asignacións invitarei a algúns funcionarios que colaboran con el.

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

D. Juan José Cruz García. Podíades polo menos.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Ao Secretario gústanlle.

3.- ROGO.- Pido que estas dúas asignacións as doedes a unha causa benéfica.

D. Rafael Cuíña Aparicio excede do contrato menor, licitar en aberto.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

4.- ROGO.- Que doedes esas dúas asignacións Plenos a unha causa benéfica.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Na Parrillada Luis.

D. Juan José Cruz García. Tamén se pode dosificar o voso bolsillo, igual modificación se fixo coas modificacións créditos.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

13.- PREGUNTA.- Compra o u non o Concello finca colindante de Vilatuxe?.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Si. Apúnteo ben. Non se olvide. E a de Cercio tamén. Están feitas as valoracións xa feitas. Rematounas Bugallo estes días. Hai unha pequena dúbida sobre o prezo por metro cadrado nunha delas.

14.- PREGUNTA.- Por que se ordena a uns veciños limpar terreos uso público e a outros non?

15.- PREGUNTA.- Estaban desinformados da queima do coche oficial na Praza da Igrexa?

D. Rafael Cuíña Aparicio. Xa a fixo antes. Á terceira vez, retírolle aro a palabra.

D. Juan José Cruz García. É un espectáculo contestar unha cousa a eles e outras a min. Fanse tests de psicoloxía para comprobar a coherencia e vela unha e varias veces. A veces descubrimos erros de coherencia no Sr. Alcalde.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Hai test de psicoloxía e de psiquiatría.

D. Juan José Cruz García. Eu non tomei pastillas. Vostede ten que aguantar a este concelleiro.

5.- ROGO.- De parte do Sr. Vilariño, recordar que atenda as inquiredanzas deste home. É valente e da a cara. Hai dous meses contactou con xente da Escola de Música de Muimenta. Pediron un biombo os pais dos rapaces para esperar os fillos, xa que fora están á intemperie. A ver si lle acorda ir por alá e pedir o biombo. Di que lle manda un saúdo.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Sei quen é. Lévome ben. Irei pronto alí a revisar as obras que el disfruta; tamén teno merecido, polo seu traballo, como a caldeira, as aulas, a pizarra e o enmoquetado. Teno moi merecido.

D. Juan José Cruz García. O biombo pode compralo nos chinos.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Damos chegado a iso.

D. Juan José Cruz García. Cando eu me fun non había 12.000 € para as aulas. Agora alégrome que haxa cartos para isto e para a finca de Vilatuxe. Temos que regularizar a nosa relación, dixo referíndose ao Sr. Alcalde.

Dirixidas a D^a.Lara Rodríguez Peña:

16.- PREGUNTA.- Na folga convocada vas ir no coche oficial? Vas solidarizarte coas mulleres que foron no seu coche ou pagando do seu bolsillo ao exame e que non teñen os privilexios que ti tes.?

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

17.- PREGUNTA.- Proporás que as túas compañeiras mulleres de exame vaian ao mesmo en autobús gratuíto?

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

O Secretario. Me da o nome e apelidos do veciño aludido para poñelo en acta.

D. Juan José Cruz García. Son miñas.

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

18.- PREGUNTA.-Non considera que houbo desigualdade de traballo mulleres que foron ao exame non é xusto? Por que non lles pide perdón? Non aos veciños que non lle botaron, senón a esas mulleres?

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

D. Juan José Cruz García. Dar leccións é fácil dende a retórica, pero deben darse dende a realidade. Non se respectou as persoas. Déame os 30.000 € cando gane a demanda para poder dedicalos ao que eu queira.

E, sendo as **trece horas e sete minutos** do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que tratasen, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e feudatario público dou fe.

O Alcalde.
Rafael Cuíña Aparicio

Dou fe. O Secretario Xeral.
César López Arribas